



MANUAL DE PROCEDIMENTOS EN PACIENTES CRÍTICOS CARDIOVASCULARES

Edición Bilingüe Galego | Castelán

ÁREA SANITARIA DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA

**XUNTA
DE GALICIA**

Consellería de Sanidade
Servizo Galego de Saúde

Edita: Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

Depósito legal: C 386-2024

Deseño e maquetación: Teófilo Comunicación | www.teofilocomunicacion.com

Equipo de traballo:

Autores:

Dr. Diego Iglesias Álvarez
Dra. Rosa Agra Bermejo
Dr. Pedro Rigueiro Veloso
Dr. José María García Acuña
Dr. J. Ramón González Juanatey
Dna. Sonia López Sixto

Santiago de Compostela 2024

MANUAL DE PROCEDIMENTOS EN PACIENTES CRÍTICOS CARDIOVASCULARES

HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO
ÁREA DE SANTIAGO E BARBANZA



XUNTA
DE GALICIA

PRESENTACIÓN

Procesos asistenciais de patoloxías e procedementos en cardioloxía

As patoloxías que afectan o corazón e os procedementos vinculados á súa atención mostran unhas características moi apropiadas para a organización asistencial por procesos, xa que abordan problemas sanitarios de elevada prevalencia e complexidade. Polo impacto social e económico que representan as enfermidades cardiovasculares, necesítase unha coordinación entre niveis asistenciais e dispoñer de indicadores de calidade ben definidos e relevantes.

Neste sentido, é necesario que todo servizo de Cardioloxía e, en consecuencia, toda área sanitaria dispoña dun “mapa de procesos”. Este mapa debe adaptarse ás características locais, en rede con outros servizos para promover unha atención integral, que permita optimizar os recursos e mellorar os resultados en saúde. O obxectivo é evolucionar desde unha cardioloxía dos “procedementos” a unha cardioloxía dos “procesos asistenciais”. Debe organizarse a atención non só das patoloxías de alta prevalencia, senón tamén das de alta complexidade, todas integradas cos procesos de soporte do conxunto da actividade.

Planificar unha organización asistencial, polo menos dos procesos de elevada prevalencia, excesivamente “cardiolóxico-céntrica” é garantía de fracaso. Na maioría das ocasións dá lugar a unha asistencia fragmentada, ás veces máis centrada nos nosos intereses que nos dos pacientes e das organizacións sanitarias. Temos a responsabilidade de reunir a todos, pacientes, profesionais sanitarios e xestores, na organización dos procesos asistenciais sen esquecer a necesidade, como noutras áreas de xestión sanitaria, dun liderado clínico.

É importante dispoñer de procesos asistenciais integrados, adaptados ás características de cada área sanitaria, o que supón a definición das rutas do paciente dentro da organización sanitaria. Patoloxías como a cardiopatía isquémica, insuficiencia cardíaca, fibrilación auricular ou estenose valvular aórtica, procedementos en áreas de críticos cardiolóxicos e modelos de organización de cardio-oncoloxía ou indicación de técnicas de imaxe adecuadas, son bos exemplos das oportunidades que temos para mellorar a atención aos pacientes dentro dunha necesaria optimización dos recursos sanitarios.

Durante o ano 2021 un grupo multidisciplinar de profesionais da nosa área sanitaria traballaron de forma conxunta e coordinada para definir as características que debe guiar a nosa organización. Grazas a todos, o seu traballo axudará a mellorar a saúde da nosa poboación.

José R. González Juanatey

Xefe do Servizo de Cardioloxía e UCC
Catedrático de Cardioloxía

Eloína Núñez Masid

Xerente da Área Sanitaria de
Santiago de Compostela e Barbanza

ÍNDICE

1. Canalización de vías centrais e liñas arteriais.....	9
2. Inserción do catéter de Swan-Ganz.....	19
3. Inserción dun marcapasos temporal.....	27
4. Intubación endotraqueal.....	37
5. Ventilación mecánica non invasiva (VMNI).....	45
6. Osixenoterapia de alto fluxo.....	51
7. Ventilación mecánica invasiva.....	55
8. Toracocentese.....	63
9. Capnografía.....	69
10. Hipotermia terapéutica.....	75
11. Índice biespectral.....	81
12. Balón de contrapulsación intraaórtico.....	87
13. Asistencia circulatoria tipo IMPELLA.....	93
14. Osixenador con membrana extracorpórea (ECMO).....	99
15. Implante de asistencia ventricular de longa duración (Heart Mate 3).....	105
16. Sistema Renal Guard.....	111
17. Técnicas de depuración extrarrenal.....	117
18. Sondaxe urinaria.....	123
19. Pericardiocentese.....	129
20. Cardioversión eléctrica e desfibrilación.....	135
Anexos.....	141
Anexo I. Lista de verificación do procedemento de intubación orotraqueal.....	143
Anexo II. Folla de rexistro de complicacións derivadas de procedementos.....	146
Anexo III. Perfusión de drogas empregadas na unidade coronaria.....	147
Anexo IV. Lista de verificación de hipotermia.....	151
Anexo V. Indicadores de procedementos.....	153
Bibliografía.....	154

The background features a large, light gray graphic. On the left, there is a magnifying glass icon. A thick line starts from the handle of the magnifying glass, moves horizontally to the right, then turns diagonally upwards to the right, forming a peak, then turns diagonally downwards to the right, forming a trough, and finally turns horizontally to the right. This line resembles a pulse or a signal waveform. The text is centered over this graphic.

CANALIZACIÓN DE VÍAS
CENTRAIS E LIÑAS
ARTERIAIS

1. CANALIZACIÓN DE VÍAS CENTRAIS E LIÑAS ARTERIAIS

As vías venosas centrais son aquelas que terminan preto do corazón, no corazón ou nas veas cavas. As máis frecuentemente utilizadas son a xugular interna, a subclavia e a femoral.

Un catéter venoso central é calquera dispositivo dunha ou varias luces que serve para a administración de fluídos ou fármacos ou ben para a monitorización do paciente ou para a extracción de mostras de sangue e que se insire por calquera método, de modo que o seu extremo distal estea localizado nunha vea central.

Inserción por punción directa é a colocación dun catéter venoso central mediante punción nunha zona da pel próxima á localización da vea que se vaia canalizar.

As luces dos catéteres son cada unha das vías de infusión-extracción das que dispón un catéter. Adóitanse utilizar dúas luces pola súa mellor relación risco-beneficio.

1.1. INDICACIÓNS E CONTRAINDICACIÓNS

Os catéteres venosos centrais teñen múltiples indicacións, e as máis habituais son as seguintes:

- Monitorización hemodinámica (presión venosa central, saturación venosa de osíxeno, gasto cardíaco).
- Vía segura para a administración de fármacos vasoactivos ou de líquidos, hemoderivados e solucións de nutrición parenteral.
- Realización de técnicas que requiran vasos de calibre grosso (depuración extrarrenal, plasmaférese etc.).
- Imposibilidade de obter unha vía venosa periférica.
- Acceso vascular seguro para cirurxía ou traslado de pacientes críticos.

Aínda que non existen contraindicacións absolutas para a inserción dun catéter venoso central, debe valorarse a súa necesidade en caso de coagulopatía ou trombopenia, ou cando poida realizarse o tratamento a través dunha vía

periférica. Avaliarase a diario a necesidade dos catéteres venosos centrais e retiraranse en canto sexa posible.

En todos os casos de canalización venosa central, os profesionais encargados do procedemento deben levar a cabo o correspondente proceso de consentimento informado ao paciente ou representantes legais.

1.2. MATERIAIS

– Catéteres: de 2 luces e calibres 4, 5-5, 5 7 e 8 F, con lonxitudes entre 8 e 30 cm. Deben vir acompañados do material necesario para introducilos pola técnica de Seldinger: agullas, guía metálica, dilatadores e conexións.

– Material adicional: sabas e panos estériles, batas e luvas estériles, gorros, máscaras, gasas estériles, xiringas, bisturí, portaagullas, pinza, tesoura, agulla curva con seda de 000, solución desinfectante con clorhexidina acuosa, soro fisiolóxico, apósitos transparentes, apósitos de gasa, catéteres, esparadrapo.

– Material opcional: lentes protectoras, anestésico local.

– Ecógrafa de vías: se fose posible, todas as vías venosas deben ser ecoguiadas, xa que isto aumenta a seguridade da técnica e diminúe o número de intentos de punción. O seu uso está especialmente indicado en pacientes de risco (nenos, críticos, coagulopatías etc.) e precisa un adestramento específico. O ecógrafo debe contar cunha sonda lineal e resolución para a exploración e canalización das veas centrais. A técnica precisa xel estéril para ecografía e camisa estéril de protección de sonda ecográfica. Nota: a técnica ecográfica non exclúe o coñecemento e a práctica coa técnica por referencias anatómicas, que seguirá sendo precisa nalgúns casos.

– Analxesia e sedación: en cada caso, o profesional responsable decidirá o procedemento de analxesia, con ou sen sedación, máis adecuado para as circunstancias do paciente. O devandito procedemento pode incluír de forma illada ou en combinación anestésicos locais, analxésicos maiores por vía intravenosa ou vías alternativas, hipnóticos e sedantes.

1.3. PROCEDIMIENTO DE INSERCIÓN

– Antisepsia da pel: realizarase previamente unha limpeza da zona de punción con auga e xabón de clorhexidina e despois aclararase e secarase completamente. Para a antisepsia da pel, utilizarase preferentemente unha solución de clorhexidina en base alcol. En caso de hipersensibilidade á clorhexidina, poderase empregar alcol de 70º ou povidona iodada líquida. En casos específicos, seguirase o procedemento adecuado para cada caso. O antiséptico debe secarse por completo antes da punción.

– Hixiene das mans, técnica aséptica e medidas de barreira. Será necesario repetir estas medidas cada vez que se produza un incidente no procedemento que supoña un risco de contaminación por xermes.

- A hixiene das mans realizarase segundo o protocolo e os dispositivos da área onde se faga a canalización venosa.
- As medidas de barreira inclúen a colocación de luvas estériles, gorro, máscara e bata, segundo o protocolo xeral do CHUS.
- O campo estéril debe adaptarse ao procedemento e ás características do paciente e á área onde se realice a canalización.

– Elección do catéter: son preferibles os catéteres co menor número de luces posible, dado que os catéteres dunha soa luz limitan a súa utilización con infusións incompatibles. Nos pacientes graves ou que precisan infusión de múltiples fluídos e fármacos, os catéteres de dúas luces teñen a mellor relación risco-beneficio. É desexable utilizar de forma exclusiva unha das luces do catéter para a nutrición parenteral central.

– Monitorización do paciente: dependerá das características do paciente e da área onde se faga a técnica, pero incluírá polo menos o seguinte: ECG, pulsioximetría, frecuencia respiratoria e tensión arterial descontinua. Sempre que se utilice algún método de sedación ou analxesia non local, debería monitorizarse a ventilación do paciente cun capnógrafo.

– Inserción do catéter.

- Seleccionar a vía venosa central e o lugar de inserción do catéter valorando as características do paciente (idade, tamaño, situación clínica, indicación, tratamentos etc.).

- Cada vía (subclavia, xugular e femoral) e cada lado (dereito, esquerdo) teñen vantaxes e riscos que deben ser valorados polos profesionais antes de elixir unha ou outra.
- A inserción do catéter debe ser realizada seguindo os pasos da técnica de Seldinger e por profesionais con coñecemento e experiencia na técnica. Os profesionais deberán estar preparados para detectar e tratar de inmediato as posibles complicacións mecánicas do procedemento, especialmente a punción arterial e o pneumotórax no caso das abordaxes xugular e subclavia.
- O paciente debe ser colocado en posición que facilite a localización e a canalización venosa e evite o risco de que se produza unha embolia gasosa (posición de Trendelenburg en abordaxes torácicas e decúbito supino na abordaxe femoral). Deben pinzarse os conectores que non se utilizasen durante a inserción.
- Tras a inserción do catéter, debe comprobarse a súa colocación venosa central (aspirando sangue venoso, medindo a presión venosa central ou rexistrando o ECG a través do catéter), así como a correcta localización da punta do catéter (mediante ecografía e radiografía).
- Antes da conexión de calquera elemento nas luces do catéter, deberá aspirarse sangue do enfermo para evitar a entrada de aire no torrente sanguíneo.

1.4. PROCEDIMIENTO DE MANTENIMIENTO

1.4.1. Punto de punción e apósitos:

- Vixiar diariamente o punto de inserción dos catéteres vasculares sen retirar o apósito. Facer constar tanto no rexistro de enfermería coma no apósito a data de colocación ou substitución deste.
- Non se utilizarán antibióticos nin antisépticos tópicos para protexer o punto de inserción.
- Para poder comprobar o estado do punto de inserción son preferibles os apósitos transparentes semipermeables estériles. Cambiarase en xeral unha vez por semana.
- Se o punto de inserción presenta hemorraxia, zumega ou o enfermo súa en exceso, pódese utilizar un apósito de gasa, que se cambiará polo menos cada tres días.
- Efectuar a hixiene das mans antes e despois de cada cambio de apósito e da cura do punto de inserción. Utilizaranse luvas estériles para o cambio de apósitos e evitarase ao máximo o contacto co punto de inserción.

– Para a manipulación de equipos, conexións e válvulas, efectuarase un lavado hixiénico das mans e utilizaranse luvas limpas, seguindo os procedementos de cada unidade. No momento da hixiene do enfermo e doutras actividades de risco de contaminación, protexeranse o apósito e as conexións.

1.4.2. Sistemas de inxección:

- Reducir ao mínimo imprescindible a manipulación das conexións. Limpar as válvulas de inxección con alcol isopropílico de 70º antes de acceder ao sistema.
- Utilizar válvulas de inxección só nos puntos por onde se administrarán bolos ou perfusións descontinuas.
- Utilizar o mínimo número de chaves de tres vías posible e durante o tempo que sexa estritamente necesario.
- Cambiar os equipos, as alargadeiras e os conectores sen agulla cunha frecuencia non superior a 72 horas e sempre que as conexións estean visiblemente sucias ou en caso de desconexións accidentais.

1.4.3. Normas xerais en relación cos fluídos que se vaian administrar:

- Se é posible, designar unha luz exclusiva para a nutrición parenteral.
- A perfusión de fluídos con lípidos non debe prolongarse máis de 24 horas sen recambiar a bolsa correspondente. Os equipos de nutrición parenteral e emulsións lipídicas cambiaranse cada 24 horas.
- En xeral, a administración de cada bolsa de hemoderivados non se manterá durante máis de 4 horas.

1.5. RETIRADA E CAMBIO DE CATÉTERES

Debe valorarse a diario a necesidade do catéter e a posibilidade da súa retirada. Cando a inserción do catéter fora realizada de forma urxente ou cunha técnica non completamente estéril, recoméndase o cambio de catéter e a súa colocación nun lugar diferente antes das 48 horas. Non se debe realizar o recambio de catéter con guía cando existan datos de infección relacionada co catéter e só se recomenda cando sexa a única opción dispoñible.

1.6. CANALIZACIÓN DUNHA LIÑA ARTERIAL

A colocación da liña arterial refírese á inserción dun catéter, que é capaz de transducir a presión arterial nunha das arterias principais, como a radial ou a femoral.

A monitorización da presión arterial é un dos signos vitais esenciais e, para a maioría dos pacientes, a súa medición mediante técnicas non invasivas proporciona valores precisos. Porén, hai situacións nas que a presión arterial require medicións máis exactas, específicas e fiables. Nestes casos, pódese realizar a colocación dunha liña arterial.

Antes de iniciar o procedemento, avalíe o paciente para ver se hai contraindicacións do procedemento. Inspeccionar o lugar de inserción para ver se hai celulite ou queimaduras graves sería unha contraindicación para o procedemento. Avalíe a existencia dun adecuado fluxo sanguíneo colateral á man, mediante a proba de Allen modificada.

1.6.1. Material

- Medidas antisépticas de preparación da pel con clorhexidina.
- Unha xiringa de lidocaína ao 1 % cunha agulla adxunta.
- Un kit de introdución da liña arterial.

1.6.2. Inserción da liña arterial

Primeiro, prepare a área de inserción cun hisopo de clorhexidina. Asegúrese de deixar que seque a zona antes da inserción da liña. Localice a arteria radial palpando o pulso coa man non dominante, aproximadamente 1-2 cm proximal ao pulso.

Para evitar as molestias do procedemento, anestésie o lugar de inserción cunha inxección intradérmica de 1-2 mililitros de lidocaína ao 1 %.

No lugar do pulso, coa man dominante, introduza a agulla nun ángulo de 30 a 45° e, ao avanzar a agulla, observe o centro para ver se hai un escintileo de sangue. É importante identificar o primeiro escintileo de sangue do paciente, xa que o vaso radial é pequeno e o escintileo pode pasarse por alto facilmente. Un fallo na identificación deste primeiro escintileo pode conducir á punción do vaso. Teña en conta que o primeiro escintileo de sangue é de cor vermella brillante, a diferenza do sangue de cor máis escura dunha vea. Unha vez que se observa o escintileo, avance a agulla uns milímetros máis.

Avance a guía suavemente no vaso mentres retira a agulla.

Conecte inmediatamente o centro do catéter á configuración da liña arterial. Neste momento, pode comezar a monitorización da presión arterial. Asegure a liña con suturas, normalmente de seda cero, e coloque un apósito estéril sobre a liña. Asegúrese de refugar os obxectos punzantes adecuadamente. Por último, avalíe a perfusión realizando o recheo capilar na man do paciente. O recheo capilar debe ser normal e os dedos deben volverse rosados en 1-3 segundos.

A large, light gray background graphic. On the left, there is a circular shape representing the balloon of a Swan-Ganz catheter, connected to a horizontal line. This line then turns into a jagged, zig-zag line that resembles an ECG (heart rate) trace, extending across the right side of the page. The text is centered over this graphic.

INSERCIÓN DO CATÉTER DE SWAN GANZ

2. INSERCIÓN DO CATÉTER DE SWAN GANZ

O catéter de arteria pulmonar ou catéter de Swan-Ganz (CPC) foi unha ferramenta moi empregada nos enfermos críticos cardiolóxicos e non cardiolóxicos nos últimos 20 anos. Con todo, nos últimos anos experimentou un importante declive no seu uso.

O catéter de Swan-Ganz proporciona unha importante información sobre o funcionalismo cardíaco e a súa hemodinámica.

Porén, nos últimos anos engadíronse outros métodos, como a ecocardiografía transtorácica e transesofáxica, cuxo papel no manexo deste tipo de pacientes se vai consolidando día a día. Por último, están aínda por definir a utilidade e as limitacións de novos métodos, como o Pico, o LiDCO, e outros.

O catéter da arteria pulmonar proporciona datos tanto da funcionalidade cardíaca (gasto cardíaco, precarga, poscarga) coma da osixenación tisular (achega e consumo de osíxeno). Con todo, estes datos deben ser sempre valorados de forma crítica, coñecendo as súas posibles limitacións. É fundamental un bo coñecemento do significado de todas as variables analizadas.

2.1. DESCRICIÓN DO CATÉTER DE SWAN-GANZ

Trátase dun catéter de poliuretano de 110 cm de longo e un diámetro externo de 7 ou 7,5 French, con dous condutos internos:

- Un deles discorre por toda a lonxitude do catéter ata a punta deste (luz distal).
- O outro ábrese a 30 cm do extremo do catéter (luz proximal) – na punta do catéter existe un balón de látex de 1,5 cc de capacidade que é o que, unha vez inchado, permite avanzar o catéter impulsado polo fluxo sanguíneo, impedindo que choque coas estruturas intravasculares.
 - Un termistor (transdutor que rexistra cambios de temperatura) situado na superficie externa do catéter a 4 cm do seu extremo, que permite o cálculo do gasto cardíaco por termodilución. Adicionalmente, pode existir:
 - Un conduto extra que se abre a 14 cm da punta do catéter, utilizable para a infusión de líquidos ou para a introdución dun electrocatéter temporal.

- Un sistema de fibra óptica para monitorizar de forma continua a saturación venosa mixta.
- Un termistor de reposta rápida para medir a fracción de exección do ventrículo dereito.
- Unha resistencia eléctrica que xera pulsos calóricos de baixa intensidade que permite calcular o gasto cardíaco continuo por termodilución.

Existe, ademais, toda unha serie de material suplementario:

- Un catéter introdutor de maior diámetro (8.5 ou 9 French). Axústaselle unha funda protectora para facilitar a entrada, retirada ou eventual recolocación do CAP. Limita o risco de infección. Recoméndase non manter o introdutor en ausencia do CAP, por risco de embolia gasosa e de perforación vascular.

Material para a medición de presións: alargadeiras, conexións ríxidas e sistemas transdutores de presión conectados a un monitor. Deben verificarse sempre antes do inicio de cada medida, e sempre que existan dúbidas respecto do trazado ou dos datos numéricos rexistrados. Deben calibrarse os transdutores e comprobar a ausencia de burbullas de aire que poidan amortecer a transmisión das presións (figura 1).




Figura 1. Catéter da arteria pulmonar.

2.2. INSERCIÓN DO CATÉTER

O ECG do paciente debe estar monitorado de forma continua, co fin de detectar calquera alteración do ritmo e/ou a condución.

A inserción debe realizarse tomando medidas de estrita asepsia.

As vías de acceso poden ser: xugular (mellor dereita) e subclavia (mellor esquerda). (Véxase o procedemento de colocación de vías centrais).

Primeiro colócase o catéter introdutor e, posteriormente, introdúcese ao seu través o CAP. Antes da introdución do catéter, deben conectarse as luces proximal e distal ás súas respectivas alargadeiras e purgar as luces co soro elixido. Déixase monitorada en pantalla a presión rexistrada a través da luz distal e será a súa morfoloxía a que nos irá guiando a través das sucesivas cavidades vasculares e cardíacas.

Inicialmente, introdúcese o catéter uns 15-20 cm, o suficiente como para que atravesese a lonxitude do introdutor e alcance a luz vascular. Nese momento, debe incharse o balón con 1,5 ml de aire e, a partir de entón, deberá sempre avanzarse co balón inchado. Na figura 2 expónse a morfoloxía das ondas de presión correspondente a cada localización.

A primeira en aparecer será a da presión venosa central: vea cava superior ou aurícula dereita (oscila entre 1 e 6 mmHg).

Continúa coa do ventrículo dereito tras atravesar a válvula tricúspide. Neste momento, poden aparecer arritmias ou trastornos da condución, normalmente tran-




Figura 2. Exemplo da morfoloxía das curvas que se rexistran durante o implante dun CAP.

sitorios, pero que obrigan a dispoñer sempre de medicación antiarrítmica e que contraindican o CAP en pacientes con bloqueos avanzados se non se dispón dun electrocatéter. A curva de presión é pulsátil, a caída diastólica é igual á presión de aurícula dereita (de 1 a 6 mmHg) e o pico sistólico normal é de 15 a 30 mmHg.

Aos 40 cm, aproximadamente, o catéter atravesa a válvula pulmonar e introdúcese na arteria pulmonar: a presión diastólica aumenta bruscamente (ata 6-12 mmHg) e o pico sistólico non varía. A presión diastólica pulmonar presenta ademais unha incisura dicrota.

Finalmente, se seguimos avanzando, alcanzase a presión de encravamento capilar pulmonar (PECP) ou presión capilar pulmonar (PCP). A onda é de morfoloxía similar á da PVC, con valores similares aos da presión diastólica pulmonar (6-12 mmHg).

Cando aparece no rexistro o trazado da presión de encravamento, debe deterse a progresión do catéter e desinchar o balón, tras o cal debe reaparecer a morfoloxía da curva de presión de arteria pulmonar. Se non é así, debe retirarse o catéter (sempre co balón desinchado) ata que reapareza.

O balón debe sempre quedar desinflado mentres está na arteria pulmonar. O seu inchado resérvase para o momento puntual de medición da PCP. Non debe permanecer continuamente rexistrada a PCP. Cando se incha o balón para conseguir a PCP, non sempre hai que facelo completamente, xa que ás veces con menor volume conséguese un trazado adecuado. Todas estas medidas de precaución axudarán a diminuír o risco de infarto pulmonar.

Unha vez correctamente colocado o CAP, a luz proximal queda a nivel da aurícula dereita e a luz distal á altura da arteria pulmonar, podéndose rexistrar de forma continua estes dous trazados. Tras a colocación do catéter, hai que realizar unha RX simple de tórax para comprobar a correcta localización deste na zona 3 de West, para o que hai que descartar que estea demasiado introducido (risco de infarto pulmonar) ou en zonas pulmonares superiores. Tamén servirá para descartar posibles complicacións derivadas da canulación dunha vía central (pneumotórax, hematomas).

A presenza de insuficiencia tricuspídea pode dar lugar a resultados falsamente baixos, xa que o indicador (sangue frío) pode sufrir unha ou varias regurxitacións antes de pasar á arteria pulmonar, o que dá lugar a unha curva de termodilución

prolongada e de baixa amplitude. Con todo, a insuficiencia tricuspídea debe ser importante para condicionar unha alteración significativa do valor do gasto cardíaco.

Nos estados de baixo gasto, ao condicionar curvas de escasa amplitude diminúese a exactitude do método de termodilución, polo que nestes casos recoméndase empregar sempre solucións frías e de volume elevado (10 ml), xa que en caso contrario pódese subestimar o gasto ata nun 30 %.

Os *shunts* intracardiácos poden dar resultados falsamente elevados. Se son de dereita a esquerda, parte do indicador (sangue frío) escapa e pasa ás cavidades esquerdas, o que dá lugar a unha curva abreviada (similar á de gasto elevado). Se son de esquerda a dereita, dilúese o indicador con sangue quente procedente das cavidades esquerdas, polo que o resultado é o mesmo en canto á morfoloxía da curva.

2.3. INDICACIÓNS DE CAP

Calquera paciente nunha unidade de críticos con inestabilidade hemodinámica pode ser candidato ao implante dun CPC.

Responder aspectos específicos do estado hemodinámico do paciente que non poden ser valorados adecuadamente pola clínica ou métodos non invasivos.

- Diferenciar tipos de choque.
- Diferenciar o mecanismo do edema pulmonar.

Establecer adecuadamente o tratamento inicial e actuar no compoñente principal que xera a inestabilidade hemodinámica.

Avaliar o grao de resposta ao tratamento instaurado en distintas situacións clínicas: *shock* cardioxénico, fallo VD, insuficiencia cardíaca crónica descompensada, *shock*, miocardite, transplante...

- Pacientes en *shock* cardioxénico baixo tratamento vasoactivo.
- Pacientes con insuficiencia cardíaca crónica descompensada.
- Pacientes con sospeita de pseudosepse (gasto cardíaco elevado, resistencia vascular sistémica baixa e presións de enchido elevadas).

2.4. COMPLICACIÓNS DO CATÉTER DA ARTERIA PULMONAR

- Hemorragia.
- Trombose.
- Punción arterial .
- Arritmias.
- Embolia aérea.
- Rotura da arteria pulmonar .
- Mala posición do catéter.
- Anoamentos.
- Infarto pulmonar .
- Pneumotórax.
- Hemotórax.
- Infección.

A large, light gray, stylized ECG (heart rate) line graphic is positioned in the background, extending across the width of the page. The line starts with a circular loop on the left, then rises to a peak, falls to a trough, and rises again towards the right. A thin vertical line is present on the far right side of the page.

INSERCIÓN DUN MARCAPASOS TEMPORAL

3. INSERCIÓN DUN MARCAPASOS TEMPORAL

A estimulación endocárdica transvenosa temporal foi descrita por vez primeira por Furman e Robinson en 1958.

Aínda que hai diferentes modalidades de estimulación cardíaca temporal (transcutánea, transesofáxica), a transvenosa (mediante a punción venosa periférica e a colocación dun eléctrodo en cavidades dereitas) é a máis utilizada.

3.1. MARCAPASOS TEMPORAIS

3.1.1. Marcapasos transcutáneos (chamados externos).

A enerxía fornécese a través da parede torácica mediante eléctrodos de superficie. Utilízase en emerxencias extrahospitalarias, en situacións urxentes intrahospitalarias, cando non se inseriu un electrocatéter ou se están contraindicados os procedementos invasivos.

3.1.2. Marcapasos endocavitarios (tamén chamados transvenosos).

Inserción dun electrocatéter a través dunha vea central ata a aurícula dereita (AD): (marcapasos auricular) ou, na gran maioría das ocasións, no ventrículo dereito (VD) en contacto co endocardio. Posteriormente, conéctase o electrocatéter a un xerador de impulsos. É a vía de elección na estimulación cardíaca provisional, xa que é segura e con poucas complicacións.

3.1.3. Marcapasos transesofáxicos.

Colócase un eléctrodo en esófago e outro precordial. É unha técnica difícil e só se usa para diagnosticar taquicardias.

3.1.4. Marcapasos epicárdicos.

Colocados durante a cirurxía cardíaca, neste tipo sutúrase un arame en epicardio e lévase a través da parede do tórax; posteriormente, insírese na pel e os dous arames colócanse nos bornes do xerador de impulsos.

Na UCOR do CHUS, o marcapasos temporal empregado con máis frecuencia é o transvenoso.

3.2. INDICACIONES

3.2.1. No contexto dun infarto agudo de miocardio:

- Asistolia.
- *Bradicardia sinusal sintomática.
Só se: pausas sinusais > 3-4 seg.
(*FC < 40 lpm + signos de compromiso hemodinámico sistémico).
- Bloqueo aurículo-ventricular completo ou mobitz tipo II (con signos de compromiso hemodinámico sistémico).

3.2.2. Fóra do infarto agudo de miocardio:

- Asistolia.
- *Bradiarritmias sintomáticas:
 - BAV completo.
 - BAV 2.º grao Mobitz tipo II.
 - Bradicardia sinusal < 40 lpm secundaria a intoxicación por drogas (amiodarona, digoxina, beta-bloqueantes).
 - Pausas sinusais > 3000 msec.
- *Só se: síntomas persistentes, repercusión hemodinámica (HTA, baixo gasto, insuficiencia cardíaca, repercusión sistémica: insuficiencia renal).
(En espera de MCP definitivo).
- Taquiarritmias:
 - Taquicardia ventricular que non responde a un tratamento convencional.
 - Taquicardia polimórfica por Torsade de Pointes/Síndrome do QT prolongado; conxénito ou secundario á administración de fármacos, anomalías metabólicas: (hipomagnesemia, hipocalcemia e hipopotase-mia), AVC ou cocaína. Trastornos da condución do tipo de bloqueo AV/AV de alto grao ou completo no contexto de implante de TAVI.




Figura 3

3.3. COMPOÑENTES DUN MARCAPASOS TEMPORAL

– Xerador de impulsos eléctricos: sistema capaz de producir impulsos eléctricos destinados a estimular o corazón. Está formado á súa vez por un circuito eléctrico e unha batería.

– Electrocatéter: elemento condutor capaz de transmitir os impulsos liberados polo xerador para estimular o corazón. No frontal do xerador distínguense 6 elementos:

- Interruptor de acceso.
- Battery test: luz que indica a carga da batería.
- Rate/pm ou control de FC: vén expresada en latexos por minuto, cunha escala de 30 a 180 lpm. Adóitase programar un FC mín., que proporcione un gasto cardíaco útil, aproximadamente 70 lpm. se o paciente supera esa frecuencia mínima, o dial da sensibilidade captará a onda R e inhibirase o marcapasos. Se, pola contra, a sensibilidade está moi baixa, o xerador ignorará a onda R do latexo propio do paciente e marcará un ritmo fixo de 70 lpm.

- Amplitud (*output* ou saída): cantidade de enerxía necesaria para provocar a despolarización miocárdica. A súa unidade de medida son volts (V) ou miliamperes (mA). Inicialmente, prográmase unha cantidade suficiente de enerxía (mA) para provocar a captura ventricular, o que se verifica mediante a aparición no electrocardiograma dunha espícula, seguida dun complexo QRS. Posteriormente, vaise diminuindo progresivamente a amplitud de corrente ata perder a captura (desaparece a espícula), a mínima cantidade de enerxía necesaria para estimular o ventrículo corresponde ao limiar de estimulación. A amplitud prográmase **mínimo ao dobre do valor do limiar**.
- Sensibilidade: capacidade do marcapasos para detectar o latexo intrínseco do paciente. Mídese en miliVolts (mV). Canto máis sensible é o marcapasos, máis detecta. Iso implica que pode detectar rexistros que en realidade NON son latexo (SOBRESENSADO) e que se deberá subir o limiar de sensibilidade. Porén, canto menos sensible é o marcapasos, menos detecta. Iso implica que podería non detectar os latexos propios do paciente (INFRASENSADO), e que se debe baixar o limiar de sensibilidade.
- Medidor de pasos ou dial: rexistra os estímulos enviados ao corazón e indica que o marcapasos está a funcionar.




Figura 4

3.4. MATERIAL NECESARIO PARA A COLOCACIÓN

3.4.1. Material cirúrxico:

- Batas e luvas estériles, máscaras e gorros.
- Tallas, sabas, panos pechados e fenestrados estériles.
- Gasas, xiringas (10 ml), agullas de carga e IM.
- Follas de bisturí, sutura do 2/0 con agulla recta.
- Povidona iodada, soro fisiolóxico e heparina sódica ao 1 %.
- Batea estéril, apósitos, rasuradora.
- Eléctrodos para monitorizar.
- Electrocatéter (6 Fr) e equipo de introdución con válvula (6 Fr).

3.4.2. Aparellos:

- Desfibrilador con monitor electrocardiográfico.
- Carro de paradas.
- Marcapasos provisional (xerador).

3.4.3. Medicación:

- Anestésico local (mepivacaína 2 %).
- Medicación en caso de complicacións: cronotropos (+), antiarrítmicos, vasopresores, atropina.

3.5. VÍAS DE INSERCIÓN

O lugar ideal de estimulación é o ápex do VD, polo que a vía de acceso deberá ser unha vea central. As vías utilizadas con maior frecuencia son as veas femoral, xugular interna, xugular externa, subclavia e antecubital, aínda que en todas elas se pode acceder por vía percutánea (técnica Seldinger).

A elección da vía de inserción do electrocatéter baséase principalmente na experiencia do equipo médico que vai realizar a técnica. Na gran maioría dos hospitais, a vea de elección para a inserción do electrocatéter é a xugular externa. Con todo, noutros hospitais son máis partidarios de acceder vía subclavia, xa que se trata dun vaso de gran calibre que non sofre colapso venoso durante o *shock* e permite o libre movemento do enfermo, aínda que presente un maior risco de

pneumotórax e de punción da arteria subclavia con hemorraxia sen posibilidade de comprensión hemostática.

A punción da vea central sempre debe ser ecoguiada (ver o capítulo de acceso de vías centrais).

3.5.1. Técnicas de colocación.

- Inserción con control de escopia.
 - Infiltración de anestésico.
 - Canalización vea central con introdutor (6 Fr).
 - Avánzase o electrocatéter (6 Fr) ata (VD).
 - Obtense unha boa posición radiolóxica (aparello escopia).
 - Conéctase o eléctrodo ao xerador de impulsos eléctricos.
 - Compróbase que o electrodo está en boa posición mediante o **limiar de estimulación**.
 - Fíxase o electrodo ao introdutor coa sutura, asegurando a súa posición.
- Inserción con control electrocardiográfico:
 - Conéctase o polo negativo (distal, negro) á derivación V1.
 - Avánzase o eléctrodo con rexistro continuo por ECG.
 - No papel de rexistro, obsérvase a actividade auricular e, posteriormente, a actividade ventricular. Ver a imaxe inferior onde se visualizan os trazados que se obteñen durante o rexistro intracavitario segundo a zona por onde se localiza o electrocatéter.
 - Fíxase o eléctrodo ao introdutor con sutura, asegurando a súa posición.





Figura 5

- Inserción sen escopia nin electrocardiografía:
 - Introdúcese o eléctrodo ata a (AD), 20 cm, aproximadamente.
 - Conéctase o eléctrodo ao xerador e ponse en marcha unha FC superior ao ritmo de escape do paciente e unha amplitude (*output*) alta.
 - Ínflase o balón distal do eléctrodo.
 - Avánzase o eléctrodo ata observar polo monitor que o marcapasos está a capturar o VD.
 - Desínflase o balón.
 - Compróbase que o eléctrodo está en boa posición mediante o limiar de estimulación.
 - Fíxase o eléctrodo ao introdutor con sutura, asegurando a súa posición.

Independentemente da técnica de inserción do MCP, unha vez finalizada a técnica, realizarase un RX de tórax para observar a posición do catéter e detectar complicacións relacionadas coa inserción.

Rexistrárase a captura ventricular e a morfoloxía mediante un ECG. Se o cable está nunha posición adecuada (ápex do VD), o patrón de estimulación será de bloqueo de rama esquerda do Has de His con eixe eléctrico esquerdo. É normal que nas precordiais se rexistre un patrón rs ou QS ata V6 e V1 con complexo positivo, o que pode indicar situación en seo coronario.

A stylized graphic in light gray. On the left, a circular ring represents the cuff of an endotracheal tube, connected by a horizontal line to a vertical line that then curves into a jagged, zig-zag shape resembling an ECG (heart rate) line. The text is centered over the vertical part of this graphic.

INTUBACIÓN ENDOTRAQUEAL

4. INTUBACIÓN ENDOTRAQUEAL

Procedemento de illamento da vía aérea mediante o paso dun tubo endotraqueal a través das cordas vocais. Para incrementar as posibilidades de éxito do procedemento e a seguridade do paciente, precísase unha planificación, preparación e traballo en equipo (comunicación) adecuadas.

Debe terse en conta que nas unidades de coidados críticos a intubación é un procedemento de alto risco, cunha posibilidade de complicacións entre un 4,2 e un 22 %. Ademais de existir menos tempo para a planificación preprocedemento que nunha situación electiva, os pacientes con indicación de intubación van ter menos reserva fisiolóxica (que motiva a indicación) desde o punto de vista cardíaco e pulmonar.

4.1. INDICACIONES

- Fracaso respiratorio: dificultade para a osixenación e/ou a ventilación a pesar do uso doutras técnicas non invasivas se están indicadas.
- Illamento da vía aérea: protección da vía aérea en caso de imposibilidade do paciente para mantela.

4.2. CONSIDERACIONES PREPROCEDIMIENTO

4.2.1. Inspección do paciente:

Cara e boca (presenza de lanuxe facial, apertura bucal, escala Mallampati).
Pescozo (mobilidade, distancia tiromentoniana, deformidades ou signos de cirurxía previa).

Tórax e abdome (obesidade, ascite).

4.2.2. Monitorización:

ECG, spO_2 , PA, capnografía.

4.2.3. Resucitar antes de intubar:

Para diminuír o risco de parada cardíaca durante o procedemento, optimizar a hemodinámica (PAs > 90 mmHg) e a osixenación (spO_2 > 92 %) previa á indución anestésica.

4.3. PROCEDIMIENTO DE INTUBACIÓN

4.3.1. Preosixenación:

Durante polo menos tres minutos con bolsa-máscara (idealmente con válvula de PEEP), cánulas nasais de alto fluxo ou ventilación mecánica non invasiva con FiO_2 ao 100 %.

4.3.2. Preparación do paciente e do material:

- Posición do paciente: achegar o paciente ao bordo da cama, á altura aproximada da apófise xifoides do operador e en posición de olfacteo (flexión do pescozo sobre o tronco e extensión da cabeza sobre o pescozo). Se é preciso, colocaremos unha almofada, toallas ou un rodete.
- Establecemento de roles do equipo e plan: administración de fármacos, asistencia co material de vía aérea, primeiro e segundo intubador, plan A, B e C.
- Material: bolsa-máscara con válvula de PEEP conectada a toma de osíxeno, capnógrafo, cánula de Guedel apropiada, laringoscopia (pas tamaño 3 e 4), tubo endotraqueal (x2) do tamaño escollido con fiador preformado (forma de pau de hóckey), xiringa de 10 ml con aire unida a balón e dispositivos de vía aérea presentes no cubículo (Frova, videolaringoscopia, máscara larínxea). Ter preparado o ventilador conectado ao osíxeno, cos parámetros de ventilación mecánica de inicio desexados.
- Medicación:
 - Premedicación (fentanilo, midazolam, atropina).
 - Sedación (midazolam, etomidato, propofol ou ketamina).
 - Parálise neuromuscular (succinilcolina ou rocuronio).
 - Vasopresores: fenilefrina, efedrina, adrenalina ou noradrenalina.

4.3.3. Técnica de intubación endotraqueal mediante laringoscopia directa:

Unha vez administrada a medicación apropiada, aproximadamente en 60 segundos teremos as condicións adecuadas para a visualización das cordas vocais.

Coa man dereita ábrese a boca, á vez que coa man esquerda se introduce a pa de Macintosh polo lado dereito. Apártase a lingua coa canle da lingua do laringoscopia e avánzase cara á liña media e cara adiante ata ver a epiglote. Sitúase a punta da pa na valécula e realízase tracción anterior e caudal, evitando producir algún trauma nos dentes e expoñendo a glote. A visión da laringoscopia clasifícase en




Figura 6

4 graos en función das estruturas expostas (ver figura 6). Unha vez identificadas as cordas vocais, coa man dereita agárrase o tubo endotraqueal e introdúcese véndoo pasar a través destas.

4.3.4. Consideracións periintubación:

Previo á indución anestésica, é conveniente acordar co equipo quen realizará a laringoscopia, cantos intentos haberá e a partir de que nivel de spO_2 se realizarán ventilacións de rescate no caso de que a laringoscopia non fose exitosa.

No caso da laringoscopia directa, é recomendable o emprego dun fiador sobre o tubo endotraqueal (con forma de pau de hóckey) ou introducir unha guía a través das cordas vocais e sobre ela deslizar o tubo, debido a que demostrou o aumento do éxito no primeiro intento e menores complicacións que o emprego de tubo endotraqueal directo.

A manobra de manipulación larínxea externa (presión sobre a cartilaxe tiroide cara atrás, arriba e dereita) permite, en ocasións, facilitar a visualización correcta das cordas vocais en caso de laringoscopia subóptima.

No caso de que as condicións de visualización das cordas vocais non sexan adecuadas (grao 1 ou 2 de Cormack-Llethane), débese empregar unha guía Frova ou un videolaringoscopio.

No caso de que a intubación non sexa posible despois de 3 intentos, débese ventilar (máscara facial ou dispositivo supraglótico) e pedirlle axuda a un experto.

No caso de que nin a intubación nin a ventilación sexan posibles, débese realizar un acceso cervical de emerxencia (cricotiroidotomía con bisturí, introducir a guía a través desta e pasar un tubo endotraqueal de 6 mm).

Posteriormente á intubación endotraqueal, débese documentar na historia clínica do paciente a medicación empregada, o grao de laringoscopia (Cormack-Llethane) visualizado polo operador e o método de intubación empregado (se foi preciso material accesorio, manobra de manipulación larínxea externa). Débese tamén documentar se existiron ou non complicacións asociadas á técnica.




Figura 7

4.3.5. Comprobación do tubo endotraqueal:

É recomendable realizar a comprobación con polo menos dúas técnicas, e unha delas será a capnografía (sensibilidade e especificidade do 100 %). Débese auscultar que ambos os hemitórax ventilen adecuadamente e poderíase realizar unha rx de tórax para comprobar a posición do tubo endotraqueal se se considera preciso.

4.4. COMPLICACIÓN DA TÉCNICA

- Intubación esofáxica.
- Sangrado/trauma na vía aérea.
- Hipotensión grave (PAs < 60 mmHg).
- Desaturación grave (spO₂ < 80 %).
- Broncoaspiración.
- Parada cardíaca.

4.5. CHECK-LIST DE INTUBACIÓN ENDOTRAQUEAL EMPREGADA NA UNIDADE CORONARIA (DOCUMENTO ANEXO I)

A large, light gray background graphic. On the left, there is a magnifying glass icon. A thick, gray line starts from the handle of the magnifying glass, moves horizontally to the right, then diagonally upwards to a peak, then diagonally downwards to a trough, and finally diagonally upwards to the right. This line resembles a pulse or a waveform. The text is centered over this graphic.

VENTILACIÓN MECÁNICA NON INVASIVA (VMNI)

5. VENTILACIÓN MECÁNICA NON INVASIVA (VMNI)

Consiste na achega de soporte ventilatorio con presión positiva sen a necesidade de establecer unha vía aérea invasiva no paciente. Con esta modalidade evítanse as complicacións relacionadas coa ventilación mecánica invasiva: risco da intubación, trauma na vía aérea polo tubo endotraqueal, aumento de incidencia de pneumonía nosocomial, eliminación das defensas propias da vía aérea e da capacidade de alimentación e vocalización.

En pacientes seleccionados con fracaso respiratorio, a ventilación mecánica non invasiva reduce a morbilidad e a mortalidade.

As interfaces da VMNI permiten a administración de gas presurizado á vía aérea nun circuíto de ventilación aberto. Para o paciente crítico empregamos as máscaras oronasais.

Débense axustar as tiras da interface á máscara de tal forma que fagan permanecer a interface na posición adecuada e que sexa o máis cómoda posible para o paciente, aínda que se permiten fugas non intencionadas cando sexan ben compensadas polo ventilador.

5.1. INDICACIÓNS

- Exacerbación de broncopatías obstrutivas (asma, EPOC).
- Fracaso respiratorio hipoxémico (SDRA leve-moderado, edema pulmonar cardioxénico).
- Como facilitador da extubación e retirada da ventilación mecánica invasiva.

5.2. CONSIDERACIÓN PREPROCEDIMENTO

Os pacientes subsidiarios de ventilación mecánica non invasiva deben ser monitorados nunha unidade de coidados críticos ou de coidados intermedios. O cociente de enfermería/paciente debe ser idealmente de polo menos $\frac{1}{4}$ e, ademais, ha de estar a cargo dun equipo médico capaz de realizar intubación endotraqueal en caso de ser preciso.

Recoméndase o emprego de ventiladores específicos de VMNI. Os circuítos empregados deben permitir unha eliminación de aire exhalado a través dunha vál-

vula ou porto exhalatorio na máscara para evitar a reinhalación. Non é preciso humidificar os circuítos de forma rutineira.

Monitorización necesaria:

- ECG.
- spO_2 .
- PA.
- Frecuencia respiratoria.

Selección do paciente:

- Etioloxía que responde favorablemente a VMNI (edema pulmonar, broncopatía obstrutiva).
- Emprego de musculatura accesoria e respiración abdominal, sensación de dispnea e taquipnea (≥ 25 respiracións por minuto).

5.3. PROCEDIMENTO DE VENTILACIÓN MECÁNICA NON INVASIVA

Iníciase a ventilación cunha presión inspiratoria e expiratoria preestablecidas e unha fracción inspirada de osíxeno.

O modo habitual é de ventilación con presión de soporte, cuxa variable de disparo e de ciclado é o fluxo. O esforzo do paciente determinará o volume corrente e a duración da inspiración.

Adóitase empezar con presións baixas para facilitar a adaptación do paciente e, posteriormente, titúlase o soporte de forma personalizada segundo as características do paciente.

5.3.1. Parámetros de ventilación mecánica:

- *Trigger* inspiratorio: o máis sensible posible sen xerar *autotrigger*.
- FiO_2 : suficiente para unha osixenación adecuada (variable en cada paciente, pero habitualmente $\geq 90\%$).
- EPAP (*expiratory positive airway pressure*): comezar en 4-5 cmH_2O e titular segundo osixenación (o incremento da EPAP axuda a mellorar a osixenación).
- IPAP (*inspiratory positive airway pressure*): comezar en 10-12 cmH_2O e titular segundo dispnea e esforzo inspiratorio (o incremento da IPAP axuda a diminuír o traballo respiratorio). Habitualmente, buscaremos un soporte suficiente que alcance volumes correntes de 7-8 ml/kg de peso ideal.

Certo grao de fuga é habitual e aceptable en modos de presión soporte (ata 30-45 litros/minuto compénsanse coa presurización da vía aérea). En modos de volume, débense empregar volumes correntes superiores aos habituais para compensar a devandita fuga.

Se o nivel de fuga é excesivo, pode interferir coa caída de presión ao final da inspiración e causar asincronías expiratorias.

Ante o fracaso da ventilación mecánica non invasiva, débese proceder á intubación sen demora.




Figura 8

5.3.2. Criterios de fracaso da técnica:

- Persistencia de dispnea e aumento de traballo respiratorio.
- Persistencia de taquipnea (> 25 respiracións por minuto) tras a primeira hora.
- Persistencia de acidose respiratoria tras a primeira hora.
- Axitación, intolerancia á VMNI.
- Inestabilidade hemodinámica.

5.3.3. Criterios de éxito da técnica:

- Diminución da frecuencia respiratoria e frecuencia cardíaca nas primeiras dúas horas.
- Desaparición da respiración con musculatura accesoria e abdominal.
- Melloría do intercambio gasoso.

5.4. CONTRAINDICACIÓN DA VENTILACIÓN MECÁNICA NON INVASIVA

- Situación de periparada respiratoria ou cardíaca.
- Necesidade de illamento da vía aérea.
- Obstrución da vía aérea superior.
- Broncorrea con tose ineficaz.
- Hemoptise ou hematemese activas.
- Coma (excepto narcose por CO₂).
- Axitación ou delirio incontrolable.

A stylized graphic in light gray. On the left, a circular pulse oximeter probe is connected to a horizontal line that then turns upwards into a jagged, heart-rate-like waveform. The text is centered over the middle of this graphic.

OSIXENOTERAPIA DE ALTO FLUXO

6. OSIXENOTERAPIA DE ALTO FLUXO

A terapia con osíxeno de alto fluxo nasal é unha alternativa á osixenoterapia convencional que proporciona osíxeno humidificado, cunha concentración titulable e un fluxo que se pode axustar segundo o traballo respiratorio do paciente.

Esta técnica é efectiva á hora de mellorar a osixenación de gran parte dos pacientes con fracaso respiratorio agudo. O alto fluxo incrementa a oferta de osíxeno aos alvéolos, proporciona efecto PEEP, diminúe a resistencia á vía aérea e o traballo respiratorio e contribúe a lavar o espazo morto na farinx.

6.1. INDICACIÓNS

- Insuficiencia respiratoria hipoxémica (en pacientes sen indicación de intubación endotraqueal).
- Prevención do fracaso respiratorio postextubación.
- Hipoxemia en pacientes postoperados.
- Preosixenación e intubación con secuencia rápida (osixenación en apnea).
- Osixenoterapia durante os procedementos invasivos (broncoscopia, ecocardiografía transesofáxica e endoscopia dixestiva).




Figura 9

6.2. CONTRAINDICACIONES

- Obstrucción nasal.
- Sangrado, trauma ou cirurxía nasal recente.

6.3. CONSIDERACIONES DA TÉCNICA

As cánulas nasais de alto fluxo poden proporcionar ata 60 litros por minuto de gas humificado e calefactado (xeralmente, 37 °C) cunha fracción inspirada de osíxeno entre o 21 % e o 100 %.

En comparación coa ventilación mecánica non invasiva, a osixenoterapia de alto fluxo supón un menor traballo para enfermería, é máis sinxela de pautar e require menos coñecementos técnicos para a súa optimización. Ademais, permite a inxestión por vía oral de alimentación e medicación por parte do paciente.

Esta terapia achega un efecto PEEP, cuxo valor será distinto en función do fluxo de aire achegado, a anatomía da vía aérea do paciente e o tamaño das cánulas en relación cos orificios nasais. Estímase que pode achegar valores de PEEP entre 2, 5 e 7, 5 cm H₂O.

Á hora de pautar a osixenoterapia de alto fluxo, teremos en conta:

6.3.1. Osixenación:

Titular a fracción inspirada de osíxeno para evitar hipoxemia.

6.3.2. Traballo respiratorio, resistencia á vía aérea e lavado de CO₂:

Titular o fluxo de aire segundo as demandas do paciente (polo xeral, fluxos máis altos diminúen o traballo respiratorio e a resistencia á vía aérea, achegan máis PEEP e lavan máis CO₂).

A large, light gray graphic in the background depicts a mechanical ventilator circuit on the left, which transitions into a pressure waveform on the right. The waveform shows a sharp rise to a peak, a gradual fall to a trough, and a sharp rise back to the peak, characteristic of a pressure-volume loop or similar respiratory cycle. The text is centered over the waveform.

VENTILACIÓN MECÁNICA INVASIVA

7. VENTILACIÓN MECÁNICA INVASIVA

É unha técnica de soporte ventilatorio que consiste na administración dunha determinada presión positiva e un determinado fluxo de gases desde un ventilador mecánico á vía aérea, habitualmente a través dun tubo endotraqueal (ou cánula de traqueostomía).

Durante a ventilación mecánica, na fase inspiratoria introdúcese o gas de forma activa na vía aérea (presión positiva ao contrario que durante a ventilación espontánea), mentres que a fase expiratoria ocorre de forma pasiva polo retroceso elástico do pulmón.

O obxectivo último da ventilación mecánica invasiva é manter uns niveis adecuados de osíxeno e dióxido de carbono no sangue arterial, ademais de proporcionar repouso ou soporte aos músculos ventilatorios. De forma indirecta, outro dos obxectivos da ventilación mecánica é evitar ou diminuír o risco de lesión pulmonar inducida pola ventilación mecánica (*ventilator induced lung injury*).


7.1. INDICACIÓNS

- Fracaso respiratorio e necesidade de intubación endotraqueal (ver apartado de intubación endotraqueal).
- Contraindicacións para ventilación mecánica non invasiva (ver apartado de ventilación mecánica non invasiva).
- Transporte de pacientes inestables desde o punto de vista hemodinámico e/ou respiratorio a probas diagnósticas (laboratorio de hemodinámica ou electrofisioloxía, TC...) ou transporte intercentros, co obxectivo de proporcionar unha vía aérea definitiva e de realizar o transporte da forma máis segura posible.

7.2. MODALIDADES DE VENTILACIÓN MECÁNICA INVASIVA

7.2.1. Modalidade controlada:

As dúas variables comunmente controladas polos ventiladores son a presión e o volume (ventilación volumétrica ou ventilación barométrica).



– Na ventilación controlada por volume (volume controlado), a presión alveolar variará segundo a distensibilidade pulmonar e o patrón de fluxo é fixo, o que fai que o ventilador non se adapte ás demandas do paciente e que se incrementen as posibilidades de asincronía e desadaptación.

– Na ventilación controlada por presión (presión controlada), o volume corrente variará segundo a distensibilidade pulmonar e o patrón de fluxo é decelerado (o fluxo diminúe a medida que a presión alveolar se aproxima á presión aplicada á vía aérea), variará segundo as demandas do paciente e mellorará a sincronía respiratoria.

– Na nosa unidade, a modalidade máis empregada é o volume controlado regulado por presión (VCRP). É unha modalidade mixta na que, ventilando por presión (fluxo decelerado), se configura un volume corrente desexado e establécese un límite de presión a partir do cal o ventilador non tentará subir, a pesar de que non sexa posible conseguir o devandito obxectivo de volume corrente.

7.2.2. Modalidade asistida (de soporte):

Na ventilación asistida (presión soporte/CPAP), configúrase unha variable de disparo (fluxo ou presión) que o ventilador será capaz de detectar para asistir á inspiración do paciente cunha presión (presión de soporte) que xerará un volume corrente.

7.2.3. Modalidade espontánea:

En certos pacientes, sobre todo nos ventilados mecanicamente durante tempos prolongados (> 10 días) ou naqueles nos que existan dúbidas acerca do éxito da

extubación, segundo criterio clínico pódese realizar unha proba de tolerancia respiratoria sen ningún tipo de presión positiva na vía aérea.

7.3. PARÁMETROS DE VENTILACIÓN MECÁNICA

Nas modalidades de ventilación controladas, en ausencia de esforzo inspiratorio do paciente, débense adecuar os parámetros á situación clínica do paciente, co obxectivo de que permitan unha ventilación protectora:

- Volume corrente 6 (4 – 8) ml/kg de peso ideal (dependerá da altura do paciente). Muller $45,5 + 0,91$ (altura en cm – 152, 4)/Home: $50 + 0,91$ (altura en cm – 152,4).
- PEEP suficiente para optimizar a osixenación e *compliance* sen causar sobredistensión.
- Presión meseta (*plateau pressure*, Pplat) < 30 cmH₂O.
- Presión de distensión (*driving pressure* = Pplat – PEEP) < 15 cmH₂O.
- FiO₂ para unha spO₂ >90 % (ideal > 94 %) evitando hiperoxia (deberíanse evitar FiO₂ > 60/80 % por períodos prolongados).

No caso de que para unha normalización do pH sanguíneo se precisen volumes correntes ou frecuencias respiratorias máis agresivas (> 8 ml/kg peso ideal ou > 25 rpm), pódese realizar unha estratexia de hipercapnia permisiva para diminuír o VILI, sempre que se manteña o pH > 7,25 e a acidose sexa a expensas do CO₂ e non metabólica.

Progresión na retirada e liberación do paciente da ventilación mecánica:

Cando a situación clínica o permita, pódese progresar na retirada, diminuír a sedación e pasar a unha modalidade de soporte.

Cando se resolva ou atenué o problema pulmonar, tentarase liberar o paciente da ventilación mecánica en canto sexa posible.

Naqueles pacientes con menos de 7 días de ventilación mecánica, pódense extubar se toleran un soporte baixo (soporte 5/PEEP 5 cmH₂O). Naqueles pacientes nos que existan dúbidas acerca do éxito da extubación pódese facer unha proba con tubo en T, tendo en conta que supón unha gran resistencia na vía aérea (maior ca no caso de extubación) e o seu fracaso non indica necesariamente que o paciente non sexa extubable.

Son criterios preditores de fracaso na extubación a desaturación ($SpO_2 < 90\%$ con $FiO_2 > 40\%$), o aumento da frecuencia respiratoria (> 30 respiracións por minuto), o traballo respiratorio excesivo (uso de musculatura accesoria e respiración abdominal) e a inestabilidade hemodinámica.

7.4. SEDACIÓN

O nivel de sedación desexado dependerá da situación clínica e da necesidade de control total ou parcial da ventilación do paciente. Polo xeral, deberíase empregar a dose de sedación mínima que manteña o paciente comfortable e tolerante ao tubo endotraqueal e evitar a sobrededación.

Débense realizar probas de despertar diarias se a situación clínica o permite (para avaliar a neuroloxía do paciente e para lavar niveis circulantes do fármaco sedante).

Polo xeral, empregaranse fármacos de vida media máis curta e menos risco de acumulación en tecidos (propofol, remifentanilo, dexmedetomidina) e valorarase o risco/beneficio en función da situación hemodinámica polos efectos secundarios dos devanditos fármacos.

7.5. PARÁLISE NEUROMUSCULAR

A parálise neuromuscular pode aumentar a miopatía e o desacondicionamento do paciente. Empregarase preferentemente:

- En bolos en caso de necesidade de control da ventilación (asincronías graves que provocan inestabilidade hemodinámica ou respiratoria).
- En perfusión continua (cisatracurio) en caso de distrés respiratorio grave con dificultades para a osixenación a pesar de optimización do ventilador ou necesidade de ventilación en decúbito prono.

7.6. TRAQUEOSTOMÍA

En pacientes con intubación endotraqueal prolongada (> 14 días), débese considerar a realización de traqueostomía para reducir a duración da ventilación mecánica (alto risco de reintubación en caso de extubación).

En certos pacientes, tras unha correcta avaliación clínica, pódese considerar a realización dunha traqueostomía precoz (espertar inadecuado tras a suspensión de sedación logo de probar con varios réximes, dano neurolóxico establecido e incapacidade para a protección da vía aérea, ventilación mecánica prolongada e non previsión da extubación nun prazo inferior a 14 días desde o inicio da ventilación mecánica...).

A modalidade de realización (traqueostomía percutánea por dilatación ou cirúrxica) vai depender das condicións anatómicas e clínicas do paciente. Polo xeral, preferirase a técnica percutánea asistida por broncoscopia, a non ser que existan criterios de risco (anatomía desfavorable por pescozo moi curto ou vía aérea difícil, vasos sanguíneos na traxectoria da agulla tras a exploración mediante ecografía vascular cervical).

A stylized, light gray ECG (heart rate) line graphic that spans the width of the page. It features a circular P wave on the left, followed by a sharp QRS complex with a tall R wave and a deep S wave, and then a T wave on the right. The line is thick and has rounded ends.

TORACOCENTESE

8. TORACOCENTESE

8.1. INDICACIÓNS

- Estudo etiolóxico de derramo pleural.
- Derramo pleural masivo con compromiso respiratorio.
- Empiema.
- Sospeita de hemotórax.
- Pneumotórax.

– A toracocentese diagnóstica: aplicada para a obtención dun volume pequeno de líquido pleural (10-60 ml) con fins diagnósticos.

– A toracocentese evacuadora ou terapéutica: utilízase como procedemento de emerxencia para a retirada do aire e/ou líquido pleura que supoñen un risco para a vida.

8.2. CONTRAINDICACIÓNS

8.2.1. Absolutas.

- Ausencia de persoal experto na técnica.

8.2.2. Relativas:

- Risco elevado de sangrado (tempo de protrombina e tempo de parcial de tromboplastina superior ao dobre do rango superior de normalidade, <50.000 plaquetas/ mm^3).
- Derramo a menos de 1 cm da parede torácica.
- Ventilación mecánica con altas presións.
- Infección cutánea no lugar de punción.

8.3. EQUIPAMENTO

- Antiséptico.
- Anestésico.
- Xiringas estériles de 5,10 e 20 ml.

- Agullas de 22 e 24 G.
- Anestésico local: lidocaína 1% ou bupivacaína 0,25%.
- Chave de 3 pasos.
- Sistema de fixación: porta, seda, tesoiras e esparadrapo.
- Sistema de drenaxe e selaxe, tipo:
 - Selo de auga.
 - Sistema de succión de dobre botella.
 - Sistemas desbotables tipo Pleur-evac®.
 - Sistema de succión para xerar presión negativa de 20-30 cm de H₂O .
- Material específico:
 - Toracocentese: agulla oca, cánula plástica ou catéter sobre agulla (Abbocath®, Angiocath®) de calibres 14-18 G.
 - Toracostomía:
 - › Tubo torácico.
 - › Segundo a técnica que se vaia aplicar:
 - Equipo de toracostomía cirúrxica (bisturí, pinzas tipo fórceps, curvas e rectas, mosquitos, pinza para drenaxes).
 - Equipo de Seldinger (agulla, guía metálica flexible, dilatadores e tubo torácico).
 - Equipo de tubo con trocar (de 12 a 36 French).

8.4. PROCEDEMENTO

Segundo o obxectivo:

- Derramo pleural ou hidropneumotórax:

Habitualmente, punciónase á altura do 4º-5º do espazo intercostal, localizado xusto debaixo da punta da escápula cando o brazo está levantado a nivel de liña axilar posterior ou media. A dirección de punción e inserción da drenaxe será posterior e inferior.

- Pneumotórax:

Habitualmente, no segundo espazo intercostal, na liña medioclavicular. Como alternativa, pódese puncionar á mesma altura ou no terceiro EIC e nas liñas axilar anterior, media ou mesmo posterior, sempre en dirección anterior e superior.

- Posición do paciente: sentado.

- Marcar con ecografía o punto de punción.
- Definir por palpación no sitio de punción á marxe superior da costela inferior.
- Esterilizar a zona.
- Administrar anestésico.
- Avanzar a agulla no sitio de punción perpendicular ao paciente, ao conseguir aspiración de líquido recoller para mostras ou aspiración de aire e, posteriormente, introducir guía, retirar agulla e a través de guía avanzar dilata-
dor e, posteriormente, o catéter.
- Deter o procedemento se aparece tose, dor ou dispnea.

8.4.1. Despois do procedemento:

- Realizar radiografía de tórax (se ocorren incidencias no procedemento).
- Valorar signos de pneumotórax ou hemotórax: hipotensión, dor...

8.5. COMPLICACIÓN

- Pneumotórax. (4-30 % sen eco. 1,3– 6,7 % con eco).
- Hemotórax.
- Infección/empiema.
- Punción viscera abdominal.
- Diseminación tumoral polo traxecto da punción.
- Edema pulmonar *ex vacuo*.
- Tose. Dor ou disconfort torácico.
- Síndrome vasovagal (mareo, hipotensión, sudación).

A large, light gray, stylized capnogram waveform is centered on the page. It starts with a circular shape on the left, followed by a horizontal line, then a sharp upward peak, a vertical downward line, and finally a sharp downward peak followed by a horizontal line on the right. The word 'CAPNOGRAFÍA' is overlaid on the central part of the waveform.

CAPNOGRAFÍA

9. CAPNOGRAFÍA

Consiste na monitorización e representación gráfica (curva ao longo do tempo) dos niveis de dióxido de carbono durante o ciclo respiratorio. Proporciona unha análise cuantitativa e cualitativa dos niveis de CO_2 na vía aérea do paciente.

9.1. FASES DA CURVA CAPNOGRÁFICA

En condicións normais, a capnografía presenta catro fases:

I. Inspiración: o CO_2 é cero, debido ao aire novo que entra na vía aérea (libre de CO_2).

II: Inicio da expiración: o CO_2 vai aumentando progresivamente, onde o gas é unha mestura de aire do espazo morto anatómico e do aire alveolar con CO_2 .

III: Expiración (*plateau* alveolar): meseta que representa a expiración, con valores de CO_2 de aire alveolar, cuxo valor dependerá da ventilación (que tende a diminuír o CO_2) e a perfusión (que tende a aumentalo).

Inicio da inspiración: o CO_2 vaise lavando pola entrada de aire novo, libre de CO_2 , ata chegar ao valor 0 no que se volve á fase 1.

9.2. INDICACIÓNS

Confirmación da posición do tubo endotraqueal na vía aérea: é o *gold standard*, cunha sensibilidade e especificidade próxima ao 100 %.

Sedación periprocedemento:

Permite a monitorización do grao de ventilación dos pacientes sometidos a medicación sedante durante certos procedementos (e potencialmente depresora do centro respiratorio), a miúdo a través de lentes nasais con capnógrafo.

9.3. MONITORIZACIÓN DURANTE A REANIMACIÓN CARDIOPULMONAR

A capnografía permite a avaliación da efectividade das manobras de reanimación. Os cambios no valor de CO_2 ao final da expiración (*end-tidal CO_2* etc. O_2) reflicten, de forma directamente proporcional, os cambios no gasto cardíaco. Se se dan valores maiores a 10 – 16 mmHg, asóciase cunha resucitación máis efectiva. Un aumento súbito da EtCO_2 suxire o retorno da circulación espontánea (ao aumentar de forma significativa o gasto cardíaco, existe máis CO_2 , que se devolve ao alveolo a través da circulación pulmonar e que se exhala a través da expiración).




Figura 10

9.4. MONITORIZACIÓN DA VENTILACIÓN ALVEOLAR

Segundo os patróns capnográficos específicos (diferentes ao normal), pódense identificar rapidamente certos problemas clinicamente relevantes. A continuación, expóñense os máis significativos:

- Broncoespasmo (aleta de quenlla): transición gradual entre fase II e III que indica que o espazo morto non se baleirou por completo antes da seguinte inspiración (e, por tanto, non se obtivo un plateau alveolar).
- Asincronía (curar *clef*): unha muesca na fase III indica que o paciente está a realizar un esforzo inspiratorio en contra do ciclo expiratorio do ventilador.

– Hipoventilación: disminución da frecuencia respiratoria con aumento progresivo do EtCO_2 .

– Hiperventilación: aumento da frecuencia respiratoria con diminución progresiva do EtCO_2 .

Desprazamento do tubo endotraqueal: a perda total da onda visual de capnografía debe facernos sospeitar a saída accidental do tubo endotraqueal na vía aérea.




Figura 11

9.5. CONTRAINDICACIONES

Non existen contraindicacións para a capnografía.

Debemos ter en conta que a adición da capnografía ao ventilador mecánico supón un pequeno aumento da cantidade de espazo morto.

A large, light gray, stylized ECG (heart rate) line graphic is positioned in the background, spanning across the page. It features a circular P wave on the left, followed by a sharp QRS complex, and a T wave on the right. The text is centered over the QRS complex.

HIPOTERMIA TERAPÉUTICA

10. HIPOTERMIA TERAPÉUTICA

10.1. OBXECTIVO

Inducir hipotermia leve (32 a 34 °C) durante 24 horas aos superviventes dunha parada cardíaca que permanecen en coma, co fin de mellorar os resultados neurolóxicos.

10.2. INDICACIÓNS

- Parada cardíaca (calquera ritmo, calquera lugar) con recuperación da circulación espontánea.
- Iniciar en menos de 6 horas tras PCR.
- Persistencia do coma (Glasgow <8).
- Adulto (> 18 anos idade).
- Ausencia de xestación (test de embarazo en menor de 50 anos).

10.3. CONTRAINDICACIÓNS

- *Shock* refractario (PAS<90 mmHg pese fluídos e presores).
- Arritmias ventriculares refractarias.
- Outras causas de coma (tóxicos, hipoglicemia, infección, ACVA, crise, TCE ou asimetría exploración neurolóxica).
- Disfunción neurolóxica previa.
- Coagulopatía ou sangrado incontrolable (CID, trombopenia grave ou fallo hepático).
- Historia de crioglobulinemia.
- Enfermidade subxacente en fase terminal (<6 meses de expectativa).

10.4. VALORACIÓN PRELIMINAR

- Situación PCR (extramuros/intrahospital) (ritmo DF/Non DF) (duración estimada PCR).
- Avaliación causal (ECG – RXT – Ecocardiograma – Coronariografía se hai sospeita de síndrome coronaria aguda).
- Avaliación neurolóxica (Glasgow/Motora/Ocular/Respiratorio/Pupilas/Tose).
- Avaliación hemodinámica (Canalizar arteria/Vea central/Vía periférica/Son-daxe urinaria/Temperatura invasiva).

- Rexistro inicial (peso, talla, PA, ritmo, FC, FR, temperatura invasiva e hora inicio hipotermia).
- Analítica inicial (hemograma, coagulación, PFR, PFH con amilase, ións con Mg e P, Tnl).

10.5. PROCEDIMIENTO

10.5.1. Hipotermia. Fase de indución.

- Baixar a temperatura do paciente a 32-34 °C canto antes (<6 h tras ROSC) e rápido (1– 2 h), con ≥2 métodos.
 - Sen IC >>> Bolo de soro salino 0,9 % a 4 °C (30 ml/kg en 30 minutos, máximo 3 l).
 - Con IC >>> Lavado gástrico con salino 0,9 % a 4 °C (250 ml/5 min ou 500 ml/10 min).
 - Activación dispositivo tipo Cool Gard se se dispón del ou doutro sistema de arrefriado e mantemento da temperatura.
 - Medidas físicas >>> Bolsas/toallas molladas en xeo na cabeza, axilas, inguas. Retirar a 33 °C.

- Medicación específica hipotermia (Elixir A+B ou A+C se se dispón de BIS).

A. Bloqueo neuromuscular (recomendable ambas).

- Cisatracurio. Bolo (bocha 10 mg) e infusión (30 mg/50 cc a 10 ml/h).
- Magnesio. Administrar 5 g en 5 horas iniciais en soros.

B. Sedación

- Con HipoTA >>> Midazolam. Bolo (0,05-0,1 mg/kg) e infusión (0,05-0,23 mg/kg/h).
- Sen HipoTA >>> Propofol. Bolo (1,5-2 mg/kg) e infusión (1-5 mg/kg/h).

C. Sedoanalxesia.

- Remifentanilo. Infusión (5 mg/250 cc dextosa a 15 ml/h). Analxesia <20 ml/h e sedación >20 ml/h. Dose máxima 40 ml/h.

- Tratamento de calafríos (segundo severidade).
 - Non calafríos >>> Paracetamol 1 g ou AINES.
 - En cara/pescozo >>> Magnesio. Administrar 5 g en 5 horas iniciais en soros.
 - En brazos >>> Meperidina. Bolo 25 mg ata cada 4 horas.

– En pernas >>> Propofol. Bolo (1,5-2 mg/kg) ou cisatracurio. Bolo (bocha 10 mg).

10.5.2. Hipotermia. Fase de mantemento.

Manter constante 32-34 graos durante 12-24 horas.

- Rexistro da data e da hora en que se alcanzou a temperatura obxectivo.
- Glucemia capilar e hemograma con ións e función renal ao alcanzar a temperatura obxectivo.
- Rexistro horario da temperatura corporal invasiva (esófago ou vesical) > Aviso se $t^{\circ} > 34 / < 32$.
- Analíticas ás 6-12-18-24 horas de se alcanzar a temperatura obxectivo. (Permitir hipopotasemia moderada).
- Avaliación neurolóxica cada 2 horas.

10.5.3. Hipotermia. Fase de requeitamento.

Aumentar T° 0,25-0,5 graos por hora ata 36,5 °C durante 6-8 horas.

- Suspensión de potasio polo menos 1 hora antes de iniciar o requeitamento.
- Rexistro da data e da hora de inicio do requeitamento.
- Glicemia capilar cada 2 horas en paciente con insulinoterapia.
- Suspensión do bloqueo neuromuscular unha vez alcanzados os 36 °C.
- Suspensión sedación tras alcanzar os 36 °C.



ÍNDICE
BIESPECTRAL

11. ÍNDICE BIESPECTRAL

O índice biespectral (BIS®) é un análogo electroencefalográfico que se determina por medios informáticos e que se usa na actualidade para vixiar o nivel de hipnose dos pacientes baixo sedación ou anestesia.

As ondas cerebrais rápidas de pouca amplitude reflicten un estado de vixilia. Unhas ondas cerebrais lixeiramente máis lentas cunha maior amplitude reflicten unha sedación/analxesia moderada. As ondas cerebrais máis lentas e coa máxima amplitude indican unha sedación/analxesia profunda.

Como as ondas cerebrais decaen a medida que se administran sedantes e analxésicos, un índice BIS máis baixo indica niveis máis baixos de consciencia.

Por tanto, o BIS é un parámetro desenvolvido a partir da análise biespectral do electroencefalograma que analiza o patrón das ondas cerebrais e que o converte nun número de “profundidade de sedación”, que se obtén mediante a aplicación dun sensor específico sobre a fronte do paciente e que se reflicte no monitor en forma de catro parámetros:

- BIS (índice biespectral), reflectido como unha cifra de 0 a 100, desde a ausencia total de actividade EEG (silencio en EEG), ata unha actividade EEG normal (paciente esperto e alerta) (100). Está complementado pola visualización no monitor da onda do EEG da zona frontal. Así:
 - 100: paciente esperto.
 - 100-70: esperto/sedación lixeira moderada.
 - 70: estado hipnótico lixeiro.
 - 70-60: sedación profunda ou anestesia lixeira.
 - 60: hipnose moderada (por debaixo, baixa probabilidade de recordo explícito).
 - 60-40: anestesia xeral.
 - 40: hipnose profunda.
 - 40-0: anestesia profunda.
 - 0: supresión de EEG.

- EMG (electromiograma), representado no monitor mediante un número de 0 a 100. Complementábase a medición cun gráfico de barras no monitor de cabeceira do enfermo.
- TS (taxa de supresión), presentada como un tanto por cento. O seu valor óptimo debe ser o máis próximo a cero.
- ICS (índice de calidade do sinal), reflectido como tanto por cento. O seu valor óptimo é 100. Podemos velo no monitor como gráfico de barra, xunto á representación do EMG.

11.1. INDICACIÓNS

- Medir de forma continua o nivel de conciencia dun paciente sometido a anestesia xeral ou a sedación moderada-profunda.
- Mellorar a administración de fármacos sedantes e a recuperación postoperatoria.

11.2. MATERIAL

- Monitor con módulo medición BIS ao monitor BIS independente.
- Cable BIS.
- Sensor BIS Quatro.
- Gasas.
- Alcol.

11.3. PROCEDIMENTO

- Preparación material.
- Acender monitor.
- Limpar cunha gasa seca a zona frontal do paciente, co fin de facilitar a adherencia do sensor e posteriormente limpar a fronte cunha gasa impregnada en alcol, no caso de que a fronte do paciente presente restos de substancias graxas.
- Extraer o sensor BIS CATRO do seu envase (non extraelo ata o momento da súa colocación para evitar que seque a xelatina dos eléctrodos) e colocalo na fronte do enfermo seguindo as instrucións reflectidas no envase do sensor.
- Colocar o sensor BIS Quatro na fronte do:
 - Eléctrodo 1: en liña media frontal, 5 cm por encima da raíz do nariz.
 - Eléctrodo 2 (toma de terra): correlativo ao eléctrodo 1.

- Eléctrodo 4: na zona externa do arco superciliar.
- Eléctrodo 3: zona temporal dereita ou esquerda entre o ángulo externo do ollo e a raíz do cabelo. Poñer especial coidado en non situar o eléctrodo xusto sobre a arteria temporal, pois produciríanse artefactos e a medición sería errónea.
- Premer os bordos dos catro sensores e premer 5 segundos sobre cada eléctrodo.
- Conectar o sensor ao cable do BIS.
- Comprobación de impedancia: se este proceso non se leva a cabo de forma automática, debemos realizalo manualmente accedendo á pantalla do BIS no monitor do paciente. A captación do sinal será óptima se aparece a cor verde na representación gráfica dos eléctrodos no monitor.
- Rexistrar na gráfica os valores de BIS, EMG, TS e ICS, se procede. Recoméndase un BIS < 60 (de 40 a 60) para unha sedación comfortable e que o paciente non presente memoria explícita dos feitos. Un EMG entre 30 e 50 indica unha situación de confortabilidade para o paciente. A TS debe ser o máis próxima a cero. O ICS debe ser sempre o máis próximo a cen e admítese como normal un ICS de 90 a 100.

A large, light gray background graphic. On the left, there is a magnifying glass icon. A thick line starts from the handle of the magnifying glass, extends horizontally, then rises steeply to a peak, drops vertically to a trough, and finally rises again to a lower peak before ending. This line resembles a stylized ECG or pulse line.

BALÓN DE CONTRAPUL- SACIÓN INTRAAÓRTICO

12. BALÓN DE CONTRAPULSACIÓN INTRAAÓRTICO

O balón intraaórtico de contrapulsación (BIACP) é un dispositivo de asistencia circulatoria de curta duración cuxo mecanismo consiste nun desprazamento de volumes mediante o cal se exerce un descenso da poscarga do ventrículo esquerdo (VE), coa resultante diminución do traballo cardíaco, do consumo de osíxeno do miocardio e, por tanto, nun aumento da presión diastólica que vai mellorar a perfusión coronaria a nivel proximal e a perfusión periférica a nivel distal.

12.1. INDICACIÓNS

- *Shock* cardioxénico asociado a ECMO.
- Complicacións mecánicas do infarto de miocardio.
- Soporte ao intervencionismo coronario complexo.
- Previo á cirurxía de revascularización coronaria de alto risco.
- Anxina refractaria ao tratamento médico.
- *Shock* poscardiotomía.

12.2. CONTRAINDICACIÓNS

- Insuficiencia valvular aórtica moderada ou severa.
- Disección aórtica ou arterioesclerose periférica e aórtica severa.
- Dano cerebral irreversible.
- Insuficiencia hepática grave.
- Coagulopatías.
- Infeccións graves non controladas.
- Endopróteses colocadas previamente.
- By-pass aórtico-bifemoral.
- Obesidade extrema ou aneurisma abdominal.

12.3. MATERIAL

- Kit de catéter de BIAC: catéter radiopaco de poliuretano, fino e flexible, resistente ao uso ou formación de trombos en forma de balón cilíndrico de 25 a 50 cc de capacidade. Seleccionarase o tamaño deste en función do tamaño (fundamentalmente da altura) do paciente, seguindo as instrucións do fabricante.

- Introdutor arterial femoral 8-9F.
- Consola de BIAC:
 - Parte mecánica, bala de helio e compresor encargado de inflar e desinflar o balón.
 - Parte electrónica, encargada de detectar o ECG e PA, para sincronizalo de modo preciso co inflado.
- Panos, bata, luvas estériles.
- Gorro e máscara.
- Xiringas, agullas, soro fisiolóxico.
- Clorhexidina ou outro antiséptico cutáneo.
- Gasas, compresas, apósitos estériles.
- Suturas.
- Follas bisturí.
- Anestésico local.

12.4. PROCEDIMIENTO

O BIACP consiste nunha membrana de poliuretano no extremo distal dun catéter de dobre luz cuxo grosor oscila entre 8–9, 5 F e unha consola cunha bomba que se encarga da inserción de gas no balón. Antes da inserción é importante asegurarse de elixir o tamaño adecuado para o paciente. As distintas compañías que o comercializan dispoñen de recomendacións segundo o talle do paciente. Así mesmo, unha vez inflado, o tamaño do balón non debe exceder do 80–90 % do diámetro da aorta descendente. Actualmente, o catéter insírese por vía percutánea na arteria femoral a través da técnica de Seldinger. Unha vez introducido, débese colocar na aorta descendente, coa punta (radiopaca) 2–3 cm por baixo da arteria subclavia esquerda, a nivel da carina.

12.5. CUIDADOS DO PACIENTE CON BCIAO

- Manter unha postura adecuada, en decúbito supino coa perna estirada.
- Cura estéril do punto de inserción. Non é recomendable utilizar a luz interna do catéter balón para extracción de mostras sanguíneas.
- Vixilancia do membro: pulso pedio e tibial posterior, coloración, temperatura, sensibilidade, ausencia de dor e mobilidade.
- Comprobar pulso radial esquerdo.
- Iniciar anticoagulación, con heparina sódica segundo prescripción e o posterior control analítico.

- Comprobar sincronización latexo/consola control hemodinámico:
 - Constantes.
 - PVC, PAP, PCP.
 - Gasto cardíaco.
 - Diuresis.
- Control do punto de punción. Curas asépticas para previr a infección. Vixiar posible hemorraxia. Comprobar que a sutura se mantén estable.
- Vixiar nivel de conciencia do paciente.
- Vixiar posibles mensaxes de alarma da consola.
- Vixiar o tubo do catéter do balón (a presenza de sangue obriga a deter a contrapulsación e a retirar o catéter).




Figura 12

12.6. COMPLICACIÓNS

As complicacións poden producirse durante a colocación, a permanencia ou a retirada do catéter.

- Perforación arterial, aneurisma ou hemorraxia por punto de punción.
- Rotura ou disección aórtica.
- Isquemia por obstrución vascular:
 - Do membro inferior (é a complicación máis frecuente). Se a isquemia é severa, pode ser causa de retirada do balón.
 - Mesentérica.

- Rotura de balón: embolismo por gas. Pode matar o paciente.
- Tromboembolismo: por desprendementos de placa de ateroma ou por formación e desprendemento de coágulos.
- Infección local/sistémica.
- Plaquetopenia, xeralmente leve, por efecto mecánico do balón.
- Hemólise mecánica.

A large, light gray, stylized ECG (heart rate) line graphic is positioned in the background, extending across the width of the page. It features a circular P wave on the left, followed by a sharp QRS complex, and a T wave on the right. The text is centered over the QRS complex.

ASISTENCIA
CIRCULATORIA
TIPO IMPELLA

13. ASISTENCIA CIRCULATORIA TIPO IMPELLA

É unha bomba de sangue microaxial intravascular, de fluxo continuo, que mobiliza o sangue de forma continua aspirándoo desde o ventrículo esquerdo e expulsándoo na aorta ascendente.

13.1. INDICACIONES

- Anxioplastia de alto risco en pacientes con función diminuída do VE.
- *Shock* cardioxénico postIAM (SCACEST ou SCASEST).
- Insuficiencia cardíaca avanzada.
- *Shock* postcardiotomía.
- Miocardite.
- Tormenta arritmica con substrato isquémico.
- Como soporte hemodinámico en procedementos de ablación complexos no laboratorio de electrofisioloxía.

13.2. CONTRAINDICACIONES

- Ausencia de accesos vasculares adecuados.
- Arteriopatía periférica severa.
- Aneurisma ou disección, necroses ou anomalías graves de aorta a calquera nivel.
- Existencia de trombo mural en VE.
- Válvula aórtica metálica.
- Estenose ou insuficiencia aórtica grave.
- Trastornos hematolóxicos graves.
- Miocardiopatía hipertrófica obstrutiva.
- Presenza de membrana subaórtica.
- Complicación mecánica posIAM.
- *Shock* de etiología non cardíaca.
- Comorbilidades que implican unha esperanza de vida < 1 ano.

13.3. MATERIAL

- Analítica e ECG recentes.
- Medicación e soroterapia por bomba, se precisa.
- Osixenoterapia, se precisa.
- Monitor operativo con pulsioxímetro e tensiómetro.
- Vía venosa periférica.
- Material funxible (gasas, apósitos, luvas...).
- Consola Impella.
- Catéter Impella:
 - › Sistema de monitorización.
 - › Soro fisiolóxico de 500 cc con 5000 ul de heparina Na.
 - › Bolsa de presión.
- Cable de conexión para transdutor.

13.4. PROCEDIMIENTO

O catéter colócase na sala de hemodinámica con escopia, mediante vía percutánea pola técnica de Seldinger, xeralmente a nivel da arteria femoral común, usando un introdutor propio *peel-away* 13F, para acceder de maneira retrógrada ata o VI a través da válvula aórtica.

13.5. COMPLICACIONES

HEMODINÁMICAS/ CARDÍACAS	Embolismos	Rara
	Dano valvular aórtico	Raro
	Disección de aorta	Rara
	Arritmias, hipotensión, taponamento cardíaco, hipovolemia, baixo gasto, hipoperfusión tisular	
HEMATOLÓXICAS	Hemólise	Frecuente as primeiras 24 horas
	Hemorragia a nivel da zona de punción	Relativamente frecuente
	Hemorragia a distancia	Rara
	Hematomas, tromboes	
	Trombopenia	Frecuente, pero de escasa contía
RESPIRATORIAS	Hipoxemia, hipercapnia, hipoventilación, pneumonía, atelectasias	
RENAIS	Oliguria/anuria, desequilibrios hidroelectrolíticos	
DIXESTIVAS/ METABÓLICAS	Íleo paralítico, estrinximento, vómitos, intolerancia á nutrición, hiperglicemia	
NEUROLÓXICAS	Crises comiciais, axitación, ansiedade, dor	
INMUNOLÓXICAS	Infección, sepe	Rara
TEGUMENTARIAS	Isquemia periférica	Frecuente, de cando en cando necesita intervención
	Úlceras por presión	
COMPLICACIONES DO SISTEMA	Decanulación accidental, roturas, burbullas ou fugas no sistema, obstrución	

A stylized, light gray graphic in the background. On the left, there is a circular shape representing a heart. A thick line extends from the heart, forming a jagged, triangular shape that resembles an ECG (heart rate) line. The text is centered over this graphic.

OSIXENADOR CON MEMBRANA EXTRACORPÓREA (ECMO)

14. OSIXENADOR CON MEMBRANA EXTRACORPÓREA (ECMO)

O sistema ECMO (*extracorporeal membrane oxygenation*) é unha medida de soporte circulatorio e/ou respiratorio de curta duración capaz de substituír as funcións de ventilación, osixenación e bombeo, o que permite manter unha osixenación e perfusión adecuadas durante catro semanas ou ata a recuperación do cadro clínico ou o tratamento da patoloxía de base naqueles pacientes nos que as medidas de soporte convencional son insuficientes.

14.1. INDICACIÓNS

- *Shock* cardioxénico.
- Insuficiencia cardíaca avanzada.
- Parada cardíaca refractaria.
- Miocardite fulminante.
- *Shock* poscardiotomía.

14.2. CONTRAINDICACIÓNS

- Dano neurolóxico irreversible.
- Neoplasia maligna activa.
- Infección sistémica non controlada.
- Insuficiencia aórtica grave.
- Disección aórtica severa.
- Enfermidade concomitante terminal.
- Fracaso multiorgánico establecido e irreversible.
- Ausencia de accesos vasculares.
- Coagulopatía/plaquetopenia severa.
- Hemorragia activa severa.
- Idade >75 anos.
- Obesidade mórbida.
- Parada cardíaca non presenciada ou parada cardíaca con RCPA prolongada (60 minutos incluída canulación e posta en marcha do sistema), con evidencia de inadecuada perfusión tisular (ph <7,0).

14.3. MATERIAL

O circuíto ECMO componse dunha serie de cánulas e liñas que conectan entre si e co paciente unha bomba centrífuga e un osixenador de membrana ocupados do bombeo e osixenación do sangue do enfermo.

14.3.1. Osixenador



Figura 13

- Fibras polimetilpentano.
 - Impermeable ao plasma.
 - Longa duración (15-30 días).
- Membrana de difusión –Lei de Fick– velocidade de difusión por gradiente de presión de gas.

14.3.2. Bomba centrífuga

- Rotor no interior dun habitáculo plástico xera P_r^- de entrada e P_r^+ de saída.
- Bombas non oclusivas, de fluxo continuo:
 - Moi dependentes de precarga e poscarga.
 - Respoden á lei de Starling: os aumentos de precarga producen aumentos do débito.
 - Investimento de fluxo se parada da bomba.

14.3.3. Módulo de normotermia



Figura 14

Sistema calentador, que regula a temperatura do circuíto. Utiliza unha solución hipotónica, fundamentalmente a base de auga destilada. Necesita unha toma de corrente independente e que non funciona por tanto durante o traslado do equipo. Volume de enchido: 0,7/1,4 l (mín./máx.).

14.3.4. Mesturador de gases



Figura 15

O control da eliminación de CO_2 realízase variando o fluxo de gas do mesturador. Se se aumenta o fluxo de gas, aumentamos a eliminación de CO_2 , e viceversa.

O control da achega de osíxeno lévase a cabo aumentando ou diminuindo a FiO_2 do gas fornecido polo mesturador.

14.3.5. Sensores

Para a medición de SvO_2 , hematocrito, hemoglobina (Hb), temperatura venosa (Tv) e presións do sistema.

14.3.6. Batería

Mínimo 90 minutos de autonomía. Máximo de 3 horas.

14.3.7. Cánulas e liña arterial e venosa



Figura 16

O tamaño das cánulas depende do tamaño do paciente e da localización.

- O diámetro interno da cánula venosa é o que limita o fluxo máximo.
- O diámetro externo da cánula arterial determina a presión no circuíto. A cánula venosa está multiperforada a nivel distal.

Cánula de perfusión distal de MMII: se a abordaxe é percutánea, utilízase un introdutor anelado de 6-7-8F.

14.3.8. Consola



Figura 17

14.4. PROCEDIMIENTO

14.4.1. Implante percutáneo

– Vaso arterial: arteria femoral común

Para evitar a isquemia distal pola inserción da cánula femoral débese asociar outra cánula en arteria femoral superficial.

– Vaso venoso: vea femoral común ou xugular dereita. Realizarase ETE para asegurar a correcta colocación da cánula na aurícula dereita. Visualizar en plano bicava:

- Chegada da guía desde a vea da cava inferior á aurícula dereita e á vea cava superior.
- Avance da cánula montada sobre o soporte ata a vea cava superior.
- Retirada do soporte e confirmación de que a cánula venosa quede correctamente colocada, co seu extremo máis distal aloxado na desembocadura da vea cava superior.

14.4.2. Cirúrxico (periférica ou central)

14.5. COMPLICACIÓNS

- Infeccións.
- Hemorraxias.
- Trombose.
- Trastornos hematolóxicos (trombopenia, hemólise).
- Isquemia en membro inferior.
- Síndrome de arlequín.
- Insuficiencia renal.
- Complicacións derivadas do dispositivo (tubuladuras, bomba, membrana...).
- Embolismo aéreo.

A large, light gray, stylized ECG (heart rate) line graphic is positioned in the background, extending across the width of the page. The line is thick and has rounded ends. It starts with a circular loop on the left, then rises to a peak, falls to a trough, and then rises again to a second peak. The text is centered over the middle of this graphic.

IMPLANTE DE ASISTENCIA VENTRICULAR DE LONGA DURACIÓN (HEARTMATE 3)

15. IMPLANTE DE ASISTENCIA VENTRICULAR DE LONGA DURACIÓN (HEARTMATE 3)

Procedemento cirúrxico mediante o cal se implanta un dispositivo que permite a drenaxe de sangue desde o ventrículo esquerdo, que é dirixida cara á aorta ascendente mediante unha bomba centrífuga. A devandita bomba conéctase a un controlador a través dun cable (*driveline*) que se tuneliza e sae ao exterior a nivel do abdome.

15.1. INDICACIÓNS

As indicacións do implante e a selección do paciente candidato serán establecidas polo equipo de insuficiencia cardíaca.

Os dispositivos de asistencia ventricular esquerda pódense indicar con intención de:

- Ponte ao transplante.
- Ponte á decisión (pacientes non candidatos a transplante no momento da indicación).
- Terapia de destino.

15.2. CONTRAINDICACIÓNS

- Endocardite activa.
- Enfermidade vascular periférica severa.
- Ataques cerebrovasculares recentes.
- Enfermidade oncolóxica activa e expectativa de vida inferior a 2 anos.
- Enfermidade psiquiátrica que implique a imposibilidade de autocoidado.

15.3. MANEXO PERIOPERATORIO

15.3.1. Previo ao implante:

- Optimización do estado de volemia e perfusión. Se precisa, ingreso en UC para soporte inotrópico ou terapia de depuración extrarrenal.
- Descontaminación antimicrobiana (lavados e enxaugues bucais con clorhexidina, mupirocina nasal e descontaminación do tubo dixestivo).

15.3.2. Implante:

- Inserción de liña arterial, vía central, introdutor e catéter de Swan Ganz (preferiblemente no quirófano, cando sexa posible).
- Ecocardiograma transesofáxico: posición da cánula de drenaxe, do septo interventricular, descarga de ventrículo esquerdo, válvula aórtica, función e tamaño do ventrículo dereito e grao de regurxitación tricuspídea.
- Soporte hemodinámico: óxido nítrico inhalado, milrinona e adrenalina para soporte ventricular dereito.
- Considerar soporte circulatorio dereito de curta duración (*Centrimag*) se criterios de fracaso ventricular dereito (soporte inotrópico a altas doses, índice cardíaco < 2,2 L/min/m², PVC 1 mmHg).

IC	PAM	PULSATILIDADE	TRATAMENTO
<2.2 l/min/m ²	<65	NON	NORADRENALINA/ ADRENALINA
		SI	Aumentar rpm/volume (si PVC baixa)
	65-90	NON	DOBUTAMINA/MILRINONA
		SI	Aumentar rpm
	>90	NON	MILRINONA/NITROPRUSIATO
		SI	NITROPRUSIATO/NTG/MILRINONA
>2.2 l/min/m ²	<65	NON	NORADRENALINA
		SI	NORADRENALINA
	65-90	NON	NON INTERVENCIÓN
		SI	NON INTERVENCIÓN
	>90	NON	NITROPRUSIATO/NTG
		SI	NITROPRUSIATO

Figura 18

15.3.3. Posterior ao implante:

- Monitorización ECG, pulsioximetría, presión arterial sistémica e pulmonar invasiva, presión venosa central, índice cardíaco, saturación venosa mixta.
- Ventilación mecánica: favorecer a extubación precoz (6h poscirurxía) unha vez que se descarte a necesidade de reintervención por sangrado e a tolerancia á diminución do óxido nítrico.

- Balance hídrico: guiado por datos clínicos, gasométricos e de presións invasivas (arterial sistémica, pulmonar e venosa central). Considerar hemofiltración precoz se non se alcanza o obxectivo desexado.
- Tubos de drenaxe: retirada a partir das 48-72 h cando o débito sexa tipicamente igual ou inferior a 50-100 ml/h nas 6 h previas, tras o visto e prace de cirurxía cardíaca.
- Fisioterapia e rehabilitación: mobilización precoz (ás 24 h do implante) e inicio de fisioterapia (48 h do implante).
- Manexo antitrombótico: inicialmente anticoagulación (heparina non fraccionada) ata introdución de antivitaminas K e, por último, engadir antiagregación simple.

• DÍA POST-OP	• ANTICOAGULACIÓN	• ANTIAGREGACIÓN
• Primeiras horas	24 • NON	• NON
• Día 1-2-3	• Inicio HNF (TTPA 40-55 s)	• NON
• A partir día 3	• HNF (TTPA 50-60 s)	• NON
• Situación estable	• Acenocumarol (INR 2-3)	• AAS 100mg

Figura 19

15.4. COMPLICACIÓNS

- Fracaso ventricular dereito

Identificarase ecocardiográficamente (dilatación e disfunción de ventrículo dereito) e asociarase:

- Imposibilidade de saída de bomba.
- Dous ou máis dos seguintes criterios:
 - *Fluxo ventricular esquerdo/superficie corporal < 2 litros/min/m².
 - *PAm < 55 mmHg.
 - *PVC > 16 mmHg.
 - *SvO₂ < 55 %.
 - *Altas doses de inotrópicos.

- Sangrado perioperatorio e demais complicacións relacionadas coa cirurxía cardíaca (dor, íleo adinámico...).
- Hemorragia intracranial.
- Ictus ou embolia sistémica.
- Trombose do dispositivo:

Identificarase como unha caída dos fluxos e un aumento da potencia do dispositivo. A miúdo asocia hemólise (elevación de bilirrubina, LDH, hemoglobina libre e haptoglobina). É infrecuente na fase aguda do implante e relaciónase cun inadecuado control de anticoagulación e antiagregación.



SISTEMA
RENAL GUARD

16. SISTEMA RENAL GUARD

O sistema Renal Guard está deseñado para medir a produción de orina e a substitución ao mesmo tempo cun volume igual de solución salina estéril. Asegura un alto fluxo de ouriños antes, durante e despois do procedemento que permite a eliminación rápida de contraste, unha menor exposición a este, a redución do consumo de osíxeno na medula renal e, deste xeito, reduce a incidencia de nefropatía por contraste.

A reposición simultánea de líquidos ten como obxectivo conseguir un balance hídrico neutro, minimizando o risco de sobre ou subhidratación que pode conducir a un aumento de complicacións para o paciente.

16.1. INDICACIÓNS

Pacientes que deben someterse a un procedemento de cardiología intervencionista (diagnóstico ou terapéutico) cunha función renal alterada con taxas de creatinina elevadas ou filtracións glomerulares baixas.

16.2. CONTRAINDICACIÓNS

- Insuficiencia cardíaca/Inestabilidade hemodinámica.
- Alteracións hidroelectrolíticas.
- Alerxia á furosemida.
- Imposibilidade de realizar sondaxe vesical.
- Mulleres embarazadas ou en período de lactación.

16.3. MATERIAL

- Sonda vesical.
- Urímetro.
- Lubricante urolóxico.
- Clorhexidina ao 2%.
- Vía venosa periférica.
- Consola RenalGuard e set desbotable do sistema.
- Soros salinos 0,9 % de 1000 ml.
- Diurético: furosemida.
- Material funxible (luvas, apósitos, gasas, panos, xiringas...).

16.4. PROCEDIMIENTO

- Acender consola RenalGuard.
- Colocar soro salino 0,9 % de 1000 ml en soporte superior.
- Conectar o extremo proximal da liña de infusión do set desbotable de RenalGuard ao soro fisiolóxico evitando a entrada de aire.
- Abrir a pestana da bomba de perfusión da consola e colocar a parte da tubuladura que queda entre as marcas 1 e 2, de tal forma que encaixe nos rodetes. Pechar a porta da bomba.
- Encaixar a parte do tubo delimitada polas marcas 2 e 3 na canle sinalada na consola coas respectivas marcas (canle detectora do aire).
- O transdutor de presión enchúfase no lugar respectivo marcado na consola cun 4.
- Comprobar que a tubuladura está perfectamente aliñada e que non presenta acobadados.
- Colgar a bolsa recolectora de ouriños no soporte inferior. Para que o dispositivo calcule con precisión os pesos, é importante colocar as bolsas de forma que colguen libremente evitando calquera posible interferencia nas liñas. Por iso:
 - Debe evitarse, no posible, o abalo das bolsas.
 - A cadea que soporta a bolsa de recolección debe pasar polo anel do conxunto guía da cadea e a bolsa debe colgar libremente. É importante asegurarse de que o seu movemento non se vexa obstruído a medida que se vai enchendo.
 - No conxunto guía da cadea dispón dunha amosega para encaixar a liña de recolección entre as marcas amarelas para evitar que o tubo tire da bolsa e altere os pesos da balanza.
 - A bolsa de ouriños ten un peche na parte inferior que facilita o seu baleirado.
- Conexión do sistema Renal Guard ao paciente:
 - Desconectar as liñas do adaptador para cebar.
 - Conectar a vía de infusión ao catéter intravenoso e a liña de recolección á sonda do paciente.
 - Comprobar que as conexións están correctamente conectadas e que non existen fugas no sistema antes de iniciar a terapia.
 - Comprobar que non hai aire na liña de infusión. En caso de habelo, desconectaríase a liña de infusión e purgaríase oprimindo o botón “Avanzar”. Repetir esta operación as veces necesarias ata desaloxar por completo todas as burbullas da liña de infusión.
- Pulsar na pantalla “Funcionar” para iniciar a terapia.
- Hidratación do paciente cun bolo inicial de 250 ml de soro fisiolóxico durante 30 minutos aproximadamente para hidratar o paciente antes da administración do diurético.

- Forzar a diurese administrando 0,5 mgr/Kgr de peso de furosemida iv. Unha vez que a taxa de ouriños alcance os 300 ml/h tras a administración do diurético, o paciente está preparado para iniciar o procedemento de cardiología intervencionista, o que significa que o ril está a traballar cunha alta taxa de diurese que evitará os efectos tóxicos do contraste.
- A terapia debe manterse durante todo o procedemento de cardiología intervencionista e continúaase ata 4 horas tras a súa finalización.
- Control da taxa de ouriños de forma regular. Debe manterse por encima de 300ml/h ata dúas horas despois de finalizado o procedemento. Se a taxa de ouriños decae, pódese repetir a dose de furosemida ata un máximo de 2,0 mg/kg.



Figura 20

A large, light gray, stylized ECG (heart rate) line graphic is positioned in the background, extending across the width of the page. It features a circular P wave on the left, followed by a sharp QRS complex, and a T wave on the right. The line is thick and has rounded ends.

TÉCNICAS DE DEPURACIÓN EXTRARRENAL

17. TÉCNICAS DE DEPURACIÓN EXTRARRENAL

As técnicas de depuración extrarrenal baséanse no intercambio de solutos e auga entre dous compartimentos separados por unha membrana semipermeable. Utilizan mecanismos de difusión (paso de solutos por gradiente de concentración), convección ou ultrafiltración do estribo (paso de auga e solutos por gradiente de presión) e absorción (fixación de moléculas á membrana).

Actualmente, as TDEC utilizadas son venovenosas, é dicir, o sangue atravesa o circuíto empuxada por unha bomba e pasa por un filtro de baixa resistencia que permite a filtración de auga, electrólitos, urea, creatinina e solutos non unidos a proteínas con peso molecular menor de 50.000 daltons. As proteínas e as células sanguíneas non se filtran.

17.1. INDICACIÓNS

- Insuficiencia renal aguda oligoanúrica.
- Hipervolemia refractaria a tratamento diurético.
- Insuficiencia cardíaca refractaria a tratamento médico.
- Alteracións electrolíticas graves: hipercalemia, hipocalcemia, hipercalcemia hipernatremia, hiponatremia, hipermagnesemia, acidose metabólica.
- Sepsis e fallo multiorgánico.
- Tratamento da síndrome de lise tumoral e rabdomiolise.
- Intoxicacións polas substancias dializables.

17.2. CONTRAINDICACIÓNS

- Non existe ningunha contraindicación absoluta.
- Sangrado activo.
- Imposibilidade de canalizar acceso vascular.

17.3. MODALIDADES

17.3.1. Ultrafiltración continua lenta (SCUF):

O principio físico desta modalidade é a ultrafiltración, pola cal se vai eliminar auga plasmática do torrente sanguíneo. Este modo está principalmente indicado en pacientes con datos de sobrecarga hídrica que ou ben non responden a tratamento médico ou queremos evitar as posibles complicacións (alteracións

electrolíticas) que provocan as terapias diuréticas a doses altas. O parámetro fundamental para configurar neste modo será o fluxo de auga que queremos eliminar, expresado en ml/h.

17.3.2. Hemofiltración venovenosa continua (HFVVC):

O principio físico desta modalidade é a convección para a eliminación de solutos e a ultrafiltración para a eliminación de auga. Durante este procedemento, o circuíto sanguíneo recibe unha cantidade de solución de reposición, a cal restitúe o plasma reducido de volume e reduce a concentración de soluto. Este líquido de reposición pódese infundir prefiltro (predilución) ou postfiltro (postdilución). En función de como se axusten os parámetros de reposición, obtense unha FF. A FF non debe superar o 25 %, xa que fraccións superiores de filtración poden xerar problemas de hemoconcentración que acurtarían a vida do filtro. Tamén hai que ter en conta que, en canto á eliminación de solutos, a reposición postdilución é máis efectiva. Dependendo do ultrafiltrado que se queira realizar, repoñeremos parcial ou totalmente as perdas.

17.3.3. Hemodiálise venovenosa continua (HDVVC):

O principio físico desta modalidade é a difusión. O líquido de diálise flúe contracorrente, eliminando solutos do plasma sanguíneo por diferenza de concentración. Axústase o fluxo do líquido dializante, tamén en mL/h, en función do aclaramento que se queira obter. Ademais, axustarase tamén o fluxo de perdas que desexemos realizar.

17.3.4. Hemodiafiltración venovenosa continua (HDFVVC):

Esta modalidade vai combinar as técnicas de difusión e convección. O líquido eliminado por convección substitúese parcial ou completamente con líquido de reposición (prefiltro ou posfiltro), pero ademais o líquido dializante vai fluír contracorrente polo compartimento de dializado. Axústase tanto o fluxo de reposición coma de líquido dializante e as perdas.

17.4. MATERIAL

– Vía venosa central: subclavia, xugular ou femoral. Dependerá da situación e das características do paciente. Débense medir e canalizar con control ecográfico.

- Catéteres: catéter silicona (13, 5-14 F).
- Circuito.
- Filtro.
- Bomba ou monitor de depuración extrarrenal.
- Líquido de reposición e/ou diálise.
- Anticoagulación con heparina ou preferentemente citrato.

17.5. PROCEDIMIENTO

- Canalizar as vías.
- Purgar o circuito con 1-2 litros de soro salino heparinado (5.000 UI/L), comprobando cuidadosamente que non queden burbullas de aire no filtro e no circuito. Seguir as instrucións do monitor de depuración utilizado.
- Valorar o tipo de conexión e a necesidade dun cebado complementario.
- Conectar o lado arterial ao paciente (ou ambos os lados se se decide non refugar o purgado) e deixar que o sangue do paciente vaia enchendo o circuito e o filtro. Pódese programar un fluxo de sangue baixo durante os primeiros minutos e, se o paciente o tolera hemodinamicamente, aumentar progresivamente ata alcanzar o fluxo de sangue desexado.
- En caso de anticoagulación con heparina: administrar o bolo de heparina prefiltro no momento que se encha de sangue da conexión e iniciar a perfusión continua.
- Cando o sangue estea a chegar ao extremo venoso, conectar este ao paciente se se estaba refugando o purgado.
- Programar o fluxo de líquido de reposición, diálise, fluxo de ultrafiltrado e/ou balance de líquidos.

17.6. COMPLICACIÓN

- Mal funcionamento do acceso vascular (succión da parede do vaso ao redor do catéter, acobadamento, coagulación).
- Coagulación do circuito e/ou do filtro: debido a fluxo sanguíneo baixo, interrupcións frecuentes do funcionamento, aire no filtro ou anticoagulación insuficiente.
- Embolia aérea.
- Hemorragia (ao canalizar a vía, por desconexión accidental, por trombope-
nia por consumo no filtro ou por efecto da heparina).
- Trombose.

- Hipovolemia na conexión.
- Anemia.
- Alteracións en balance hídrico (hipo ou hipervolemia) e electrólitos.
- Hipotermia: débese utilizar un quentador asociado ao circuito na liña de retorno ao paciente, quentar os líquidos e/ou quentar externamente o paciente.
- Infección.



Figura 21

A stylized graphic in light gray. On the left is a circular loop representing a catheter balloon. A horizontal line extends from the loop to the right, then turns diagonally upwards to a sharp peak, then diagonally downwards to a sharp trough, and finally horizontally to the right edge of the frame. The text 'SONDAXE URINARIA' is centered over the upward-sloping part of the line.

SONDAXE
URINARIA

18. SONDAJE URINARIA

O cateterismo ou sondaxe vesical é unha técnica que consiste na introdución dunha sonda pola uretra ata a vexiga urinaria. Segundo o tempo de permanencia do catéter, pódese falar de:

- Sondaxe intermitente (xa sexa única ou repetida no tempo). Despois de realizar a sondaxe, retírase o catéter.
- Sondaxe temporal. Despois de realizar a sondaxe, o paciente permanece un tempo definido co catéter.
- Sondaxe permanente. Despois de realizar a sondaxe, o paciente ha de permanecer indefinidamente co catéter (cos recambios correspondentes).

18.1. INDICACIÓNS

- Retencións urinarias por obstrucións da uretra.
- Intervencións cirúrxicas: permitir a cicatrización de vías urinarias tras a cirurxía.
- Control da diurese: control da cantidade da diurese.
- Tratamentos terapéuticos: manter seca a zona xenital en pacientes incontinentes en situacións especiais, como é o caso do tratamento de escaras, úlceras ou dermatite de contacto na rexión xenitourinaria ou sacra de difícil manexo.
- Recollida de mostras estériles.
- Introducir medicamentos con fins exploratorios ou terapéuticos.

18.2. CONTRAINDICACIÓNS

- Prostatite aguda.
- Uretrite aguda e abscesos periuretrais.
- Estenose ou rixidez uretral (valorar individualmente).
- Sospeita de rotura uretral traumática.
- Alerxia coñecida a os anestésicos locais ou ao látex.
- Incontinencia urinaria.

18.3. MATERIAL

- Luvas estériles.
- Luvas non estériles.
- Auga e xabón.
- Solución antiséptica segundo o protocolo de desinfección do centro.
- Gasas non estériles.
- Gasas estériles.
- Pano estéril.
- Sonda vesical para inserir, a cal se adecuará á prescrición facultativa da sondaxe e ás características do paciente ao que se lle vai realizar a técnica (mínimo 2).
- Lubricante urolóxico.
- Auga destilada estéril.
- Xiringa de 10 cc ao 20 cc, segundo a sonda.
- Bolsa colectora de circuíto pechado con billa e soporte para a bolsa. Considérase sistema de circuíto pechado cando consta de:
 - Cámara graduada para medir a cantidade de ouriños.
 - Válvula antirrefluxo.
 - Sistema de baleirado na parte inferior.

18.4. PROCEDIMENTO

- Preguntarlle ao paciente por posibles alerxias e problemas previos con sondaxes.
- Explicarlle ao paciente o que imos facer.
- Asegurar a privacidade.
- Colocar o paciente en decúbito supino.
- Hixiene de mans.
- Colocación de luvas non estériles.
- Limpeza de xenitais (en homes comezar retraendo prepucio e comezar por prepucio, glande e, por último, o meato urinario, en mulleres limpar primeiro beizos maiores, menores e finalmente o meato uretral).
- Retirada de luvas e hixiene de mans.
- Preparar todo o material necesario en campo estéril.
- Colocación de luvas estériles.
- Conectar a sonda vesical á bolsa de diurese con sistema pechado.
- Introducción de lubricante anestésico (10-15 ml en homes e 6 ml en mulleres) na uretra e esperar segundo as instrucións do produto.

- Introducción da sonda (en homes, manter o pene cara arriba en todo momento, en mulleres manter os beizos separados cunha man e introducir a sonda coa outra).
- Insuflar o balón de acordo coas instrucións do fabricante ou orde médica (10 cc en uso estándar, 15-30 cc en sondas para hematuria. As sondas con balóns de 30 cc son específicas para hemostasia tras procedementos urolóxicos).
- Fixar a sonda en homes cara á zona superior da coxa, excepto en sondas con tracción.
- En homes, colocar o prepucio se se retraeu para evitar parafimose.
- Controlar a saída de ouriños (se saen máis de 300 cc, clampar e deixar 5 minutos, desclampar e deixar saír o resto de ouriños).

18.5. COMPLICACIÓNS

- Creación dunha falsa vía por traumatismo na mucosa uretral.
- Retención urinaria por obstrución da sonda.
- Infección urinaria ascendente por migración de bacterias a través da luz da sonda.
- Presenza de hematuria posterior á sondaxe por mor dalgunha pequena ferida provocada ao realizar a técnica.
- Hematuria exvacuo, a vexiga pode chegar a ter unha gran capacidade de distensión; de feito, pode chegar a conter entre 3000 e 4000 ml. Nunha retención aguda de ouriños na que se produce unha descompresión brusca pode darse un cadro de hematuria franca.

A large, light gray, stylized ECG (heart rate) line graphic is positioned in the background, spanning across the middle of the page. The line starts with a circular loop on the left, followed by a horizontal segment, a sharp upward peak, a vertical downward dip, and another upward peak on the right.

PERICARDIOCENTESE

19. PERICARDIOCENTESE

19.1. INDICACIONES

- Taponamento pericárdico.
- Derramo pericárdico sen compromiso hemodinámico:
 - Se é persistente e severo.
 - Se se sospeita pericardite purulenta ou derramo neoplásico.

19.2. CONTRAINDICACIONES

- Taponamento secundario a disección aórtica ou rotura de parede libre no contexto de infarto (nestes casos, o tratamento cirúrxico é de elección, aínda que poderían drenarse percutáneamente pequenas cantidades de líquido pericárdico de forma intermitente para tentar manter a estabilidade hemodinámica se non é posible a cirurxía emerxente).
- As alteracións da coagulación son unha contraindicación relativa e, se é posible, deben corrixirse antes da pericardiocentese.

19.3. EQUIPAMENTO

- Ecocardiógrafo.
- Funda estéril para sonda transtorácica.
- Kit de pericardiocentese.
- Panos estériles, con e sen buraco.
- Agullas hipodérmicas 26 G, 21 G e 22 G.
- Xiringas de 5 cc, 20 cc e 50 cc.
- Trocar para pericardiocentese (calibre 16 G de 8 cm de lonxitude).
- Arame guía (técnica de Seldinger), dobre extremo (J e recto).
- Catéter pigtail, 6F.
- Chave de tres vías.
- Sutura para pel.
- Solución antiséptica.
- Solución anestésica.
- Bisturí # 11.
- Tubos estériles para mostras que se enviarán ao laboratorio, microbioloxía e anatomía patolóxica.

19.4. PROCEDIMIENTO

- Realizar ecocardiograma a pé de cama para determinar a severidade do derramo, localización e compromiso hemodinámico.
- Colocar o paciente semisentado a 30º e lixeiramente rotado cara á esquerda.
- Ter canalizadas polo menos dúas vías periféricas ou unha vía central antes do procedemento por se precisase infusión rápida de volume.
- En pacientes con compromiso hemodinámico, se é posible ter canalizada a vía arterial.
- Desinfectar a zona de punción e infiltrar con anestésico local.
- As vías máis frecuentes para a pericardiocentese son a subxifoidea e a apical:

– Vía subxifoidea:

A nivel subxifoideo, aproximadamente 1 cm desviado á esquerda e baixo control ecocardiográfico, despois de comprobar a ausencia de tecido hepático na zona para atravesar para a punción, insírese e faise avanzar a agulla na dirección e angulación que nos marca a sonda ecocardiográfica, ata chegar ao pericardio parietal, atravesando ata que se inicia a aspiración de fluído a través da agulla. Nese momento, avánzanse 2 mm e introdúcese a guía. En caso de dúbida, por ser líquido hemático ou por non ter claro que se está nunha localización anatómica desexada, pódese realizar infusión de soro axitado e comprobar co ecocardiograma que se enche o saco pericárdico. A través da guía, pasar o dilatador e, posteriormente, o catéter pigtail e situar a chave de tres pasos para facilitar a recollida de mostras e a conexión de drenaxe á bolsa.

– Vía apical:

Localizar con ecocardiograma ápex de ventrículo esquerdo e ver a cantidade de derramo nesa zona, guiado por ecocardiograma que valorará ausencia de tecido pulmonar interposto. Inserir a agulla polo bordo superior da costela inferior e avanzar, habitualmente, 3-5 cm ata atravesar o pericardio e obter fluído, actuando posteriormente como coa vía subxifoidea.

19.5. POSPROCEDIMIENTO

- Realizar Rx de tórax para descartar pneumotórax ou pneumopericardio.

- Realizar cada 6-8 h aspiración por xiringa a través de catéter se este comeza a drenar pouca cantidade para comprobar que continúa permeable.
- Drenar toda a cantidade posible do saco pericárdico antes de retirar o catéter.
- Cando en débito da drenaxe diminúe a 25-30 ml en 24 horas, retirar o catéter. (Manter a drenaxe 24 horas diminúe a incidencia de recidivas).

19.6. COMPLICACIÓNS

- Punción de cavidades cardíacas.
- Pneumotórax.
- Fístulas pleuropericárdicas.
- Arritmias (sobre todo bradicardia por estímulo vagal).

Infrecuentes:

- Perforación ou laceración de arteria coronario ou vaso intercostal.
- Bacteriemia.
- Pneumopericardio.

Raras:

- Morte (0,1-0,5 %)
- Perforación cardíaca que requira cirurxía.

A large, light gray, stylized ECG (heart rate) line graphic is positioned in the background, extending from the left edge to the right edge of the page. The line starts with a circular loop on the left, then rises to a peak, falls to a trough, and rises again towards the right. The text is centered over the middle of this graphic.

CARDIOVERSIÓN ELÉCTRICA E DESFIBRILACIÓN

20. CARADIOVERSIÓN ELÉCTRICA E DESFIBRILACIÓN

Consiste na administración dunha descarga eléctrica breve (inferior a 1 segundo) e controlada sobre o paciente, co obxectivo de finalizar unha arritmia e restablecer o ritmo sinusal normal do corazón.

Esta terapia é efectiva unicamente nas arritmias cuxo mecanismo fisiopatolóxico é a reentrada.

20.1. INDICACIÓNS

20.1.1. Emerxente

- Fibrilación ventricular.
- Taquicardia ventricular sen pulso.
- Taquicardia de QRS estreito ou ancho que causa inestabilidade hemodinámica ou respiratoria.

20.1.2. Electiva

- Fibrilación auricular (control de ritmo).
- *Flutter* auricular.
- Taquicardia ventricular con estabilidade hemodinámica.
- Outras taquicardias supraventriculares por reentrada (habitualmente responden ao manexo médico ou a manobras vagais).

20.2. CONTRAINDICACIÓNS

- Ritmos non reentrantes (taquicardia sinusal, taquicardia auricular multifocal).
- Fibrilación auricular/*flutter* auricular de inicio indeterminado ou con anticoagulación inadecuada.
- Presencial de trombo auricular (apéndice auricular esquerdo).

20.3. PROCEDIMENTO

Será diferente en caso de cardioversión (electivo, semielectivo/urxente) ou desfibrilación (emerxencia vital).



Figura 22

Para a práctica habitual nunha situación electiva:

- Monitórase o paciente cos eléctrodos do desfibrilador e péganse os adhesivos en posición ápico-esternal (coa descarga creárase unha corrente entre ambos). Comprobarase a adecuada lectura do ritmo cardíaco no monitor.
- Actívase a sincronización, asegurándose de que a onda R se identifique correctamente polo desfibrilador.
- Selecciónase o nivel de enerxía para administrar. Habitualmente, en ritmos organizados (como o *flutter* auricular) requírense niveis de enerxía menores, pero para a fibrilación auricular ou a taquicardia ventricular préfírese a máxima enerxía dispoñible desde o principio para aumentar as posibilidades de éxito.
- Prémese o botón de carga.
- Aviso previo ao resto do equipo, prémese o botón de descarga.
- En caso de persistencia da arritmia, débese repetir o proceso comprobando que a sincronización coa onda R estea activada.

*No caso de que utilizemos as pas (sen adhesivos), empregárase xel para minimizar o risco de queimaduras.

Para as emerxencias (fibrilación ventricular ou taquicardia ventricular sen pulso) realízase o mesmo procedemento descrito previamente, á máxima enerxía posible:

1. Sen necesidade de monitorizar (empregaremos as propias pas).
2. Sen necesidade de sincronizar.




Figura 23

20.4. CONSIDERACIÓNS PERIPROCEDEMENTO

Previo á cardioversión eléctrica sincronizada (escenario electivo ou semi-electivo), comprobaremos que:

- O paciente estea en xaxún (6 horas de sólidos, 2 horas de líquidos).
- Dispoñamos dun acceso vascular adecuado.
- Dispoñamos de material de vía aérea (cánula de Guedel e bolsa-máscara para ventilación e osíxenoterapia dispoñibles e carro de vía aérea presente no cubículo).
- O paciente estea correctamente sedado/ sedoanalxesiado previo á administración do choque.

Para a sedación, préfirese empregar axentes de vida media curta:

- Propofol (10 mg/ml), a dose habitual de 1 mg/kg (precaución con hipotensión).
- Etomidato (2 mg/ml), a dose habitual de 0,3 mg/kg.
- Ketamina + Propofol (5 + 5 mg/ml), a dose habitual de 0,05 ml/kg (menor depresión respiratoria en pacientes con sospeita de dificultades para a ventilación).

20.5. COMPLICACIÓNS

- Fibrilación ventricular (se hai unha sincronización inadecuada).
- Anomalías da condución (habitualmente, de forma transitoria).
- Embolización de trombos (se están presentes na aurícula previamente ao procedemento).
- Depresión respiratoria ou hipotensión arterial (asociadas á sedación empregada).

A thick, light gray line graphic that starts as a circle on the left, then extends horizontally, then rises steeply to a peak, drops vertically to a trough, and finally rises again to a horizontal line on the right. The word "ANEXOS" is centered on the rising slope of the second peak.

ANEXOS

ANEXO I

Check list

Vía aérea – intubación endotraqueal

Establecer indicación e roles do equipo:

Precísase secuencia rápida? (de elección se non xaxúas)

Establecer roles: administración de fármacos e material/primeiro operador/
segundo operador

Optimización preprocedemento se é posible:

Hemodinámica: Se PAs < 90 mmHg, considerar o inicio de vasopresores

Osixenación/Preosixenación: FiO₂ ao 100 %. Idealmente, SpO₂ > 92 %, consi-
derar VMNI Predición de vía aérea difícil

Monitorización:

Electrocardiograma, pulsioximetría, presión arterial

Capnografía

Material e preparación:

Posición de olfacto: aliñar eixe conduto auditivo externo con oco
supraesternal

Aspiración

Bolsa – máscara con válvula de PEEP conectada a toma de osíxeno

Cánula de Guedel

Laringoscopio (pas de tamaño 3 e 4 dispoñibles)

Tubo endotraqueal x 2 (diferenza de tamaño de 1 – 0,5 mm de diámetro)

Xiringa de 10 ml con aire para inflar balón (unida a tubo endotraqueal)

Xiringa cargada con vasopresor + xiringa con soro para lavado (se se utiliza
en bolo)

Dispositivos presentes no cubículo, especialmente se se anticipan dificultades: Guía Frova /Máscara larínxea /Videolaringoscopio /Airtraq

Set de cricotomía: bisturí, Frova e tubo endotraqueal de 6 mm de diámetro

Comunicarlle ao equipo previamente á indución:

Plan A (operador e número de intentos)

Plan B (operador e técnica de ventilación de rescate)

Plan C (ventilar e pedir axuda)

Medicación	Dose (iv)	Dose habitual iv (para 70 kg)
Premedicación		
Fentanilo	1 - 3 mcg/kg	150 mcg
Midazolam	0,05 mg/kg	3 - 5 mg
Atropina (↓ secreciones, especialmente útil se se emplea succinilcolina)	0,01 mg/kg	0,5 mg
Sedación		
Midazolam	0,05 – 0,20 mg/kg	5 - 10 mg
Etomidato	0,3 mg/kg	10 - 15 mg
Propofol	1,5 – 2,5 mg/kg	70 - 100 mg
Ketamina	1 - 2 mg/kg	100 - 150 mg
Parálise neuromuscular		
Succinilcolina	1,5 mg/kg	100 mg
Rocuronio	0,6 mg/kg 1,2 mg/kg (secuencia rápida)	100 mg
Cisatracurio	0,15 – 0,20 mg/kg	20 mg

Vasopresor	Preparación	Dose habitual (en bolo)
Fenilefrina 10 mg/1 ml	Diluír en SSF 0,9 % ata facer 100 ml (100 mcg/ml), axitar e preparar xiringa con 10 ml da devandita dilución	50 - 100 mcg (0,5 - 1 ml)
Efedrina 50 mg/5 ml	Diluír 2 bochas (60 mg) en SSF 0,9 % ata facer 10 ml (6 mg/ml)	3 - 6 mg (0,5 - 1 ml)
Adrenalina 1 mg/1 ml	Diluír 10 mg (10 bochas) en 100 ml de SG 5 % ou SSF 0,9 %	Idealmente en perfusión por vía central, poderíanse administrar bolos de 0,25 - 1 ml
Noradrenalina 10 mg/10 ml	Diluír 10 mg en 100 ml de SG 5 % ou SSF 0,9 % ***Considerar dilución 1 mg en 10 ml	Idealmente en perfusión por vía central, poderíanse administrar bolos de 0,25 - 1 ml

ANEXO II

Complicacións derivadas de procedementos da UC

Paciente:

Cama UC:

Accesos vasculares venosos e arteriais	Trombose
	Hematoma
	Pseudoaneurisma
	Bacteriemia
	Fístulas
	Pneumotórax
Marcapasos temporal	Perforación cardíaca
	Derramo pericárdico
Catéter de Swan-Ganz	Perforación cardíaca
	Infarto pulmonar
	Arritmias
Intubación orotraqueal	Intubación errada
	Extubación espontánea
	Laceracións orofaringotraqueais
	Estridor larínxeo
Ventilación mecánica invasiva	Barotrauma
	Neumonía asociada á ventilación mecánica
Ventilación mecánica non invasiva	
Hemofiltración venovenosa continua	
Hipotermia terapéutica	Suspensión
	Hipotensión

ANEXO III

Dilucións e perfusións – Cardioloxía/UC

NORADRENALINA 1 amp/ADRENALINA 10 amp (10 mg)/100 ml G5 % (100 mcg/ml)						
	50 kg	60 kg	70 kg	80 kg	90 kg	100 kg
mcg/kg/ min	ml/h					
0,1	3	3,5	4	5	5,5	6
0,25	7,5	9	10,5	12	13,5	15
0,5	15	18	21	24	27	30
1	30	36	42	48	54	60

DOBUTAMINA 500 mg/250 ml G5 % (2000 mcg/ml)						
	50 kg	60 kg	70 kg	80 kg	90 kg	100 kg
mcg/kg/ min	ml/h					
2,5	4	4,5	5	6	7	7,5
5	7,5	9	10,5	12	13,5	15
7,5	11	14	16	18	20	22,5
10	15	18	21	24	27	30

NITROGLICERINA (SOLINITRINA) 25 mg/250 ml G5 % (100 mcg/ml)	
mcg/min	ml/h
5	3
15	9
30	18
50	30
100	60

ISOPROTERENOL (ALEUDRINA) 10 amp (2 mg)/250 ml G5 % (8 mcg/ml)	
mcg/min	ml/h
1	7,5
2,5	19
5	37,5
10	75
20	150

FENILEFRINA 4 amp (40 mg) /250 ml G5 % (0, 16 mg/ml)	
Bolo	1,5 - 6 ml
mcg/min	ml/h
30	12
60	22,5
100	37,5
180	67,5

LABETALOL (TRANDATE) 2 amp (200 mg)/250 ml G5 % (0, 8 mg/ml)	
Bolo (5 min)	60 - 100 ml
mg/h	ml/h
10	12,5
25	30
50	62,5
100	125

PROPOFOL 1 % Puro sen diluír (10 mg/ml)	
Bolo	2 - 10 ml
Perfusión	5 - 40 ml/h

MIDAZOLAM (DORMICUM) 100 mg/100 ml premezclado (1 mg/ml)	
Bolo	5 - 10 ml
Perfusión	2 - 15 ml/h

PROCAINAMIDA (BIOCORYL) 1 amp (1 g) /250 ml SSF 0, 9 % (4 mg/ml)	
Bolo	25 ml (100 mg)
Perfusión	24 - 48 ml/h

FENTANILO (FENTANEST) 7 amp (1050 mcg) /50 ml SSF 0, 9 % (21 mcg/ml)	
Bolo	1,5 - 2 ml
Perfusión	2 - 8 ml/h

REMIFENTANILO (ULTIVA) 1 amp (5 mg) /100 ml SSF 0, 9 % (0, 08 mg/ml)	
Bolo	1,5 - 2 ml
Perfusión	0,8 - 20 ml/h

CISATRACURIO (NIMBEX) 3 amp (60 mg) /100 ml SSF 0, 9 % (0, 6 mg/ml)	
Bolo rápido	15 - 30 ml
Peso	ml/h
60 kg	12
70 kg	14
80 kg	16
90 kg	18
100 kg	20

AMIODARONA Bolo 300 mg/100 ml G5 % Cont. 600 mg/500 ml G5 %	
Bolo	100 ml/h (1h)
Cont.	42 ml/h (12h)

LIDOCAÍNA 2 % 2 g/500 ml G5 % (4 mg/ml)	
Bolo	2,5 - 5 ml
Perfusión	15 - 75 ml/h

LEVOSIMENDÁN (SIMDAX) 1 amp (12,5 mg) /500 ml G5 % (0,025 mg/ml)		
	Vel. de inicio (ml/h)	Vel. cont. a as 3h (ml/h)
Peso	0, 05 mcg/kg/min	0, 1 mcg/kg/min
60 kg	7	14
70 kg	8	17
80 kg	10	19
90 kg	11	22
100 kg	12	24
110 kg	13	26

PAUTA DE SEDACIÓN MORFINA 3 amp (30 mg) MIDAZOLAM 1 amp (15 mg) BUSCAPINA 3 amp (60 mg) /250 ml de G5 %.	
Perfusión	10,5 ml/h

ESMOLOL (BREVIBLOC) 2,5 g/250 ml premezclado (10 mg/ml)	
Bolo (1 min)	3 - 6 ml
Mant. (ml/h)	18 - 160

ANEXO IV

Check list hipotermia

Exame preliminar:

- Temperatura inicial: °C
- Escala de Glasgow.
 - Monitorización: TA, Fc, Fr, SpO₂ etc.o₂, BIS, CCO, SVO₂ e temperatura central.
 - Analítica e GSA.
 - Liña arterial Vía venosa central SNG e S. vesical con sensor temperatura.
 - Prevención úlceras: Presión ----- Corneais.
 - Manter posición funcional para evitar deformidades.

1. F. Inducción de hipotermia:

Tempo de inicio: : h. Tpo. alcanza temperatura de 32 °C: :

Método:

- Compresas de xeo en caluga, rexións femorais, baixo axilas e en tronco.
- S. salino 0,9 % frío IV 100 ml/min. Máximo 3 litros.
- Sistema de almofadas de hipocarbono (Emcool).
- SNG, aspire contido gástrico e irrigue con s. salino 0,9 % frío.
- Hipotermia endovascular con catéter Icy® e Coolgard3000®. Taxa máx. 32 °C.
- Suspenda se inestabilidade e/ou disrritmia potencialmente letal. Deixe re-quentar pasivamente.

Analgesia e sedación:

- Propofol (bolo 1,5-2 mg/kg, e posterior infusión a 1-5 mg/kg/hora).
- Midazolam (bolo 0,05-0,1 mg/kg e, posteriormente, 0,05-0,23 mg/kg/hora) 250 mg/250 cc Dx 5 %= ml/hr IV.
- Fentanyl = ml/hr IV (usual 1-2 µg/Kg/hr).

Relaxación neuromuscular:

- Cisatracurio (bolo de 10 mg e, posteriormente, infusión 60 mg/100 cc de SSF a 10 ml/hora).
- Magnesio. Administrar 5 gr/500 salino en 5 horas iniciais de hipotermia. A posteriori, reposición segundo parámetros analíticos.

Profilaxe:

- Protocolo pneumonía zero.**
- TVP:** Enoxaparina 40 mg/d SC.
- Úlceras de stress:** Pantoprazol/Ranitidina. Dieta absoluta durante hipotermia.
- Hiperglicemia:** S. salino 0,9 % 100 ml + 100 ou insulina se glicemia >200 mg/dl. Axustar para 100-180 mg/dl.

2. F. Mantemento de hipotermia:

Tempo de inicio: h. Data:

- Analítica e GSA ás 6-12-18-24 h de alcanzar a temperatura obxectivo.
- Glasgow cada 2 h.
- Hemocultivo.
- Urocultivo.
- Cultivo de esputo Ás 12 h.
- Suspende K+ de 1 a 4 horas a terminar a fase de mantemento.

3. Fase de requeantamento:

Tempo de inicio: h. Data:

Taxa 0,20-0,25 °C ata chegar a 37 °C.

- Requeantamento pasivo.
- Suspende perfusión de Midazolam e Cisatracurio ao chegar a 36 °C.

4. Fase de estabilización térmica:

Tempo de inicio: Data:

- Manter temperatura constante 37 °C durante 24 -48 horas.
- Manter dispositivo Cool Gard durante 24 horas.
- Paracetamol 1 g. IV c/8h. Se T^a>38 °C alternar con Metamizol.

ANEXO V Indicadores de procedementos

INDICADORES DE PROCEDIMENTOS	PROPIO	Estándar
Indicadores	Columna1	Estándar
Manexo controlado da temperatura tras unha parada cardíaca		100 %
Incidencia de barotrauma		< 0,5 casos x 1000 días VMI
Cambios de tubuladuras do respirador aos 7 días		100 %
Probas de tolerancia á ventilación espontánea		>90 %
Posición semiincorporada en pacientes con VMI *		>90 %
Autorretirada do tubo endotraqueal		< 7 autoextubacións por 1000 días de TET
Retirada do tubo endotraqueal (TET) por manobras		< 3 extubacións por manobras por 1000 días por extubación.
Reintubación		<12 %
Lesións non invasivas durante a VMNI**		< 7 %
Presión do pneumotaponamento		95 %
Bacteriemia relacionada con CVC		< 3 episodios por 1000 días de CVC
Infección do tracto urinario (ITU) relacionada con sonda uretral		< 4 episodios por 1000 días de sondaxe
Pneumonía asociada a ventilación mecánica invasiva		< 7 episodios por 1000 días de VM
Indicación das terapias continuas de depuración extracorpórea en pacientes con disfunción renal a		> 90 %
Retirada accidental de catéteres vasculares		< 6 CVC por 1000 días
		< 15 liñas arteriais por 1000 días

BIBLIOGRAFÍA

1. Chatterjee K. The Swan-Ganz catheters: Past, present, and future. *Circulation*. 2009; 119:147–52.
2. Dexter L, Haynes FW, Burwell CS, Eppinger EC, Seibel RE, Evans JM. Studies of congenital heart disease. Techniques of venous catheterization as a diagnostic procedure. *J Clin Invest*. 1947; 26: 547–553.
3. Swan HJ, Ganz W, Forester J, Marcus H, Diamond G, Chonette D. Catheterization of the heart in man using a flow directed balloon tipped catheter. *N Engl J Med*. 1970; 283:447–51. 4. Cook DJ, Sibbald WJ, Vincent JL. Evidence based critical care medicine: What is it and what can it do for us?. *Crit Care Med*. 1996; 24:334–7.
4. Kaplan JA, Wells PH. Early diagnosis of myocardial ischemia using the pulmonary artery catheter. *Anesth Analg*. 1981; 60: 789–793. 6. Shell WE, DeWood MA, Meter T. Comparison of clinical signs and hemodynamic state in the early hours of transmural myocardial infarction. *Am Heart J*. 1982; 104:521–8.
5. Stevenson LW, Perloff JK. The limited reliability of physical signs for estimating hemodynamics in chronic heart failure. *JAMA*. 1989; 261:884–8. 8. Babu SC, Sharma P, Racita A. Monitor-guided responses: Operability with safety is increased in patients with peripheral vascular diseases. *Arch Surg*. 1980; 115:138.
6. Del Guercio LRM, Cohn JD. Monitoring operative risk in the elderly. *JAMA*. 1980; 243:1350–5. 10. Mangano DT. Monitoring pulmonary arterial pressure in coronary artery disease. *Anesthesiology*. 1980; 53:364–70.
7. Mangano DT. Monitoring pulmonary arterial pressure in coronary artery disease. *Anesthesiology*. 1980; 53:364–70.
8. Crexells C, Chatterjee K, Forrester JS, Dikshit K, Swan HJ. Optimal level of filling pressure in the left side of the heart in acute myocardial infarction. *N Engl J Med*. 1973; 289:1263– 6.
9. Ospina-Tascon GA, Cordioli RL, Vicent JL. What type of monitoring has been shown to improve outcomes in acutely ill patients?. *Intensive Care Med*. 2008; 34:800–20.
10. Connors AF, Speroff T, Dawson NV, Thomas C, Harrell FE, Wagner D, et al. The effectiveness of right heart catheterisation in the initial care of critically ill patients. *JAMA*. 1996; 276:889–97.
11. A controlled trial to improve care for seriously ill hospitalized patients. The study to understand prognoses and preferences for outcomes and risks of treatments (SUPPORT). The SUPPORT Principal Investigators. *JAMA*. 1995; 274:1591-8.

MANUAL DE PROCEDIMIENTOS EN PACIENTES CRÍTICOS CARDIOVASCULARES

HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO
ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO Y BARBANZA



XUNTA
DE GALICIA

PRESENTACIÓN

Procesos asistenciales de patologías y procedimientos en cardiología

Las patologías que afectan al corazón y los procedimientos vinculados a su atención muestran unas características muy apropiadas para la organización asistencial por procesos, ya que abordan problemas sanitarios de elevada prevalencia y complejidad. Por el impacto social y económico que representan las enfermedades cardiovasculares, se necesita una coordinación entre niveles asistenciales y disponer de indicadores de calidad bien definidos y relevantes.

En este sentido, es necesario que todo Servicio de Cardiología y, en consecuencia, toda Área Sanitaria disponga de un “mapa de procesos”. Este mapa debe adaptarse a las características locales, en red con otros Servicios para promover una atención integral, que permita optimizar los recursos y mejorar los resultados en salud. El objetivo es evolucionar desde una cardiología de los “procedimientos” a una cardiología de los “procesos asistenciales”. Debe organizarse la atención no sólo de las patologías de alta prevalencia, sino también de las de alta complejidad, todas integradas con los procesos de soporte del conjunto de la actividad.

Plantear una organización asistencial, al menos de los procesos de elevada prevalencia, excesivamente “cardiológico-céntrica” es garantía de fracaso. En la mayoría de las ocasiones da lugar a una asistencia fragmentada, a veces más centrada en nuestros intereses que en los de los pacientes y de las organizaciones sanitarias. Tenemos la responsabilidad de reunir a todos, pacientes, profesionales sanitarios y gestores, en la organización de los procesos asistenciales sin olvidar la necesidad, como en otras áreas de gestión sanitaria, de un liderazgo clínico.

Es importante disponer de procesos asistenciales integrados, adaptados a las características de cada Área Sanitaria, lo que supone la definición de las rutas del paciente dentro de la organización sanitaria. Patologías como la cardiopatía isquémica, insuficiencia cardíaca, fibrilación auricular o estenosis valvular aórtica, procedimientos en áreas de críticos cardiológicos y modelos de organización de cardio-oncología o indicación de técnicas de imagen adecuadas, son buenos ejemplos de las oportunidades que tenemos para mejorar la atención a los pacientes dentro de una necesaria optimización de los recursos sanitarios.

Durante el año 2021 un grupo multidisciplinar de profesionales de nuestra Área Sanitaria han trabajado de forma conjunta y coordinada para definir las características que debe guiar nuestra organización. Gracias a todos, su trabajo ayudará a mejorar la salud de nuestra población.

José R. González Juanatey

Jefe de Servicio de Cardiología y UCC
Catedrático de Cardiología

Eloína Núñez Masid

Gerente. Área Sanitaria Santiago de
Compostela y Barbanza

ÍNDICE

1. Canalización de vías centrales y líneas arteriales.....	163
2. Inserción del catéter de Swan-Ganz.....	173
3. Inserción de un marcapasos temporal.....	181
4. Intubación endotraqueal.....	191
5. Ventilación mecánica no invasiva (VMNI).....	199
6. Oxigenoterapia de alto flujo.....	205
7. Ventilación mecánica invasiva.....	209
8. Toracocentesis.....	217
9. Capnografía.....	223
10. Hipotermia terapéutica.....	229
11. Índice biespectral.....	235
12. Balón de contrapulsación intraaórtico.....	241
13. Asistencia circulatoria tipo IMPELLA.....	247
14. Oxigenador con membrana extracorpórea (ECMO).....	253
15. Implante de asistencia ventricular de larga duración (Heartmate 3).....	259
16. Sistema Renal Guard.....	265
17. Técnicas de depuración extrarrenal.....	271
18. Sondaje urinario.....	277
19. Pericardiocentesis.....	283
20. Cardioversión eléctrica y desfibrilación.....	289
Anexos.....	295
Anexo I. Checklist del procedimiento de intubación orotraqueal.....	297
Anexo II. Hoja de registro de complicaciones derivadas de procedimientos.....	300
Anexo III. Perfusión de drogas empleadas en la Unidad Coronaria.....	301
Anexo IV. Checklist de hipotermia.....	305
Anexo V. Indicadores de procedimientos.....	307
Bibliografía.....	308



CANALIZACIÓN DE VÍAS
CENTRALES Y LÍNEAS
ARTERIALES

1. CANALIZACIÓN DE VÍAS CENTRALES Y LÍNEAS ARTERIALES

Las vías venosas centrales son aquellas que terminan cerca del corazón, en el corazón o en las venas cavas. Las más frecuentemente utilizadas son la yugular interna, la subclavia y la femoral.

Un catéter venoso central es cualquier dispositivo de una o varias luces, para la administración de fluidos o fármacos o bien para la monitorización del paciente o para extracción de muestras de sangre, que se inserta por cualquier método de modo que su extremo distal esté localizado en una vena central.

Inserción por punción directa es la colocación de un catéter venoso central mediante punción en la zona de piel cercana a la localización de la vena a canalizar.

